

PROGRAMA MUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS 2025-2030

CONCELLO DA CORUÑA





CONTIDO DO PLAN

1	INTRODUCCIÓN	4
1.1	Ámbito de aplicación	5
1.1.1	Ámbito territorial	5
1.1.2	Ámbito temporal	5
1.1.3	Alcance en materia de residuos	5
2	MARCO NORMATIVO	7
2.1	Normativa europea	7
2.2	Normativa estatal	7
2.3	Normativa autonómica	8
2.4	Outra documentación de afección	8
3	ANÁLISE E DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL	9
3.1	Indicadores sociodemográficos	9
3.1.1	Situación xeográfica e demografía	9
3.1.2	Particularidades urbanísticas	11
3.1.3	Economía	13
3.2	Antecedentes de planificación	15
3.3	Prevención na xeración de residuos	16
3.4	Xestión de residuos	17
3.4.1	Loxística da recollida	17
3.4.2	Infraestruturas municipais	23
3.4.3	Xeración de residuos: cantidades e composición	29
3.4.4	Xestión final dos residuos municipais	39
3.5	Indicadores de situación actual	41
3.6	DAFO	44
4	PROGNOSE	46
4.1	Proxección da poboación	46
4.2	Escenario base	47
4.3	Escenario obxectivo	48
5	PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	50
5.1	Principios reitores e liñas estratéxicas	50
5.2	Obxectivos	51
5.3	Programas de actuación	53
5.3.1	Programa de prevención	53
5.3.2	Programa de preparación para a reutilización	54
5.3.3	Programa de control da calidade das recollidas	55
5.3.4	Programa de recollida separada da fracción orgánica	55
5.3.5	Programa de recollida separada de papel-cartón e envases de vidro	56
5.3.6	Programa de aumento de outras recollidas separadas	56
5.3.7	Programa de transparencia e corresponsabilidade	57
5.3.8	Programa de redución do vertido	59

5.4	Plan de comunicación	59
5.5	Plan de infraestruturas.....	61
5.5.1	Planta de tratamento de residuos urbanos de Nostión.....	61
5.5.2	Puntos limpos.....	63
5.5.3	Centros de autorreparación e preparación para a reutilización	63
5.5.4	Composteiros comunitarios.....	65
6	CUSTES DE EXECUCIÓN DO PLAN	66
7	SEGUIMENTO E MONITORIZACIÓN DO PLAN.....	67

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1.	Características urbanísticas por distrito.....	12
Táboa 2.	Actividades económicas por distrito.....	14
Táboa 3.	Indicadores económicos por distrito, ano 2022.....	15
Táboa 4.	Recollidas de residuos existentes no Concello da Coruña.	19
Táboa 5.	Parque de colectores instalados na vía pública por fracción e rateos (2024).	20
Táboa 6.	Evolución da cantidade de residuos recollidos nos puntos limpos de Ronda de Outeiro e Eirís. .	25
Táboa 7.	Residuos recollidos nos puntos limpos de Ronda de Outeiro e Eirís en 2023.	26
Táboa 8.	Residuos xestionados na PTRU Nostión no ano 2023.	28
Táboa 9.	Balance resumo da PTRU de Nostión.	29
Táboa 10.	Cantidades de residuos recollidas en 2023 no municipio de A Coruña e destino.....	30
Táboa 11.	Evolución da xeración de residuos municipais e xeración per cápita, 2018-2023.	32
Táboa 12.	Obxectivos de redución de residuos segundo a normativa.....	32
Táboa 13.	Evolución da xeración de residuos municipais e a renda por persoa, 2018-2023.....	32
Táboa 14.	Evolución das recollidas separadas, 2018-2023.....	33
Táboa 15.	Evolución da recollida separada, 2018-2023.....	33
Táboa 16.	Recollida separada per cápita no Concello da Coruña, 2023.	34
Táboa 17.	Zonificación do territorio. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.....	35
Táboa 18.	Composición da fracción orgánica. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.	36
Táboa 19.	.Composición da fracción inorgánica. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021....	37
Táboa 20.	Composición dos residuos municipais no concello da Coruña e porcentaxe de recollida selectiva de cada fracción, 2023.....	38
Táboa 21.	Xestión dos residuos municipais do Concello da Coruña en 2023.....	40
Táboa 22.	Materiais recuperados ou enviados a xestor a partir dos residuos municipais 2023.	40
Táboa 23.	Porcentaxes de reciclado dos materiais dos envases.....	41
Táboa 24.	Principais indicadores da diagnose da situación actual do Concello da Coruña.....	43
Táboa 25.	Hipótese de evolución da xeración de residuos municipais segundo a situación do período 2018-2023 e a proxección da poboación do IGE.....	47
Táboa 26.	Hipótese da situación das recollidas separadas en 2030 segundo a situación do período 2018-2023.	47

Táboa 27. Hipótese da xeración de residuos municipais no escenario obxectivo.....	48
Táboa 28. Porcentaxes de recollida selectiva neta por fraccións no escenario obxectivo.	49
Táboa 29. Hipótese da situación das recollidas separadas en 2027 e 2030 no escenario obxectivo.....	49

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Evolución da poboación no Concello da Coruña, 2010-2023 (IGE).....	10
Figura 2. Pirámide poboacional do municipio de A Coruña (IGE).....	10
Figura 3. Distribución temporal dos visitantes ao municipio de A Coruña segundo a súa procedencia. Ano 2023 (INE)	11
Figura 4. Distritos existentes no Concello da Coruña.	12
Figura 5. Empresas de A Coruña segundo o número de asalariados. Ano 2022 (IGE).....	13
Figura 6. Empresas de A Coruña segundo actividade principal. Ano 2022 (IGE).....	14
Figura 7. Rateo de contenerización para as diferentes fraccións por distrito, 2024.	21
Figura 8. Distribución territorial das actividades económicas por distrito.	22
Figura 9. Localización do punto limpo dos Rosais.....	24
Figura 10. Localización do punto limpo de Eirís.....	24
Figura 11. Localización da PTRU de Nostián.	27
Figura 12. Esquema do fluxo de residuos.....	27
Figura 13. Evolución da xeración de residuos municipais e xeración per cápita, 2018-2023.	31
Figura 14. Composición da fracción orgánica domiciliaria. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.	35
Figura 15. Composición da fracción inorgánica domiciliaria. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.	36
Figura 16. Desvío das diferentes fraccións dos residuos municipais cara as recollidas existentes.....	39
Figura 17. Evolución da renda bruta e da xeración per cápita no Concello da Coruña, 2018-2022	46

1 INTRODUCCIÓN

A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, establece no seu artigo 12 a obriga de aprobar programas de xestión de residuos para as entidades locais cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes, de conformidade cos plans autonómicos e estatais de xestión de residuos. Neste contexto, os programas de prevención de residuos poderán ser aprobados de forma independente ou integrados nos plans de xestión de residuos ou noutros ambientais. Estes documentos deben redactarse respectando, entre outras cuestións, os obxectivos establecidos na citada lei. Neste sentido, a lei de residuos recolle unha serie de fitos temporais, tanto xerais, é dicir, para o conxunto dos residuos municipais, como particular, para determinados fluxos de residuos.

Por outra banda, a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, indica no seu artigo 22 que as entidades locais poderán elaborar programas de xestión e prevención de residuos da súa competencia, de conformidade con esta normativa e coordinación co plan nacional marco e os plans de xestión que aprobe a administración autonómica. O contido destes programas axustarase ao definido para os plans autonómicos, cuxo detalle figura no artigo 18.

A nivel estatal, segue vixente o Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos (PEMAR) 2016- 2022, así como o Programa Estatal de Prevención de Residuos 2014-2020. A nivel autonómico, vén de aprobarse o Plan Sectorial de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2030 (PXRMG). Todos eles deben terse en conta para adecuar calquera estratexia de planificación.

Partindo deste esquema, o Programa Municipal de Xestión de Residuos de A Coruña pretende integrar nun único documento tanto o marco da xestión de residuos da súa competencia como o programa de prevención. Para iso, o documento estrutúrase de forma que dea cumprimento aos requisitos de contido mínimo esixidos pola Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, e o establecido ao respecto na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Inclúese, por tanto, en primeiro lugar unha diagnose para coñecer as particularidades do territorio a nivel xeográfico, sociodemográfico e a integración destes aspectos no propio desenvolvemento do modelo local de xestión de residuos.

Unha vez construída a imaxe da situación actual en base aos datos dispoñibles, esta contrástase coas obrigas que se derivan da aplicación da normativa en materia de residuos. Froito desta comparación, se identifican as debilidades e fortalezas que presenta a estratexia de xestión de residuos implantada no Concello da Coruña.

A corrección destas debilidades e fortalezas motiva o posterior desenvolvemento da planificación, na que se contemplan actuacións específicas de prevención e xestión de residuos, encamiñas a

introducir modificacións no modelo actual co fin de cumprir cos obxectivos normativos. Inclúese así mesmo unha planificación temporal de desenvolvemento das actuacións previstas.

Como punto final do plan, inclúense unha serie de indicadores de seguimento da planificación proposta.

1.1 Ámbito de aplicación

1.1.1 Ámbito territorial

O ámbito territorial do presente plan correspóndese ao termo municipal e aos territorios que comprende o municipio de A Coruña.

1.1.2 Ámbito temporal

Tanto a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, coma a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, coma outra normativa sectorial coma a de envases ou a de vertedoiros, establecen os seus obxectivos finais para 2035. Sen embargo, todas elas inclúen obxectivos de obrigado cumprimento para 2030.

Por outra parte, o recentemente aprobado Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia 2030 ten un marco temporal fixado en 2030.

A situación do Concello da Coruña amosa nestes momentos un punto de inflexión coa posta en marcha da recollida separada dos envases lixeiros, a recentemente posta en marcha de recollidas comerciais na zona centro ou a situación da planta de tratamento de residuos de Nostión.

Por todos estes motivos, establécese como marco temporal para o presente programa municipal do Concello da Coruña o período **2025-2030**, co obxecto de valorar á súa finalización o alcance e resultados da planificación prevista no presente documento, e poder programar axeitadamente os seguintes pasos na busca da mellora continua da xestión dos residuos municipais.

1.1.3 Alcance en materia de residuos

O ámbito de actuación do presente plan refírese a todos os residuos de competencia municipal, de acordo co establecido nas leis de residuos estatal e autonómica. A este respecto, a lei 7/2022 de residuos establece que corresponde aos concellos como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos, podendo ademais xestionar os residuos comerciais non perigosos nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas.

Cómpre, por tanto, recoller as seguintes definicións:

Residuos domésticos: "Residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, aveños e colchóns, así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados".

Residuos municipais:

"1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.

2.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.

Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de sumidoiros e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción e demolición".

A anterior definición de residuos municipais foi introducida a efectos de determinar o ámbito de aplicación dos obxectivos da lei 7/2022.

Residuos comerciais: "Residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos."

Residuos industriais: "Residuos derivados dos procesos de produción, fabricación, transformación, uso, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal".

2 MARCO NORMATIVO

2.1 Normativa europea

Directiva (UE) 2025/1892 do Parlamento Europeo e do Consello, de 10 de setembro de 2025, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos.

Regulamento (UE) 2025/40 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de decembro de 2024, sobre os envases e residuos de envases, polo que se modifican o Regulamento (UE) 2019/1020 e a Directiva (UE) 2019/904 e se derroga a Directiva 94/62/CE.

Regulamento (UE) 2024/1157 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, relativo aos traslados de residuos, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1257/2013 e (UE) 2020/1056, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1013/2006.

Directiva (UE) 2024/1799 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de xuño de 2024, pola que se establecen normas comúns para promover a reparación de bens e se modifican o Regulamento (UE) 2017/2394 e as Directivas (UE) 2019/771 e (UE) 2020/1828.

Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xuño de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente.

Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa ao vertido de residuos.

Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.

Directiva (UE) 2018/849 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, pola que se modifican a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, a Directiva 2006/66/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e a Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Directiva 2016/774 da Comisión, de 18 de maio de 2016, que modifica o anexo II da Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos vehículos ao final da súa vida útil.

Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2015, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico lixeiras.

2.2 Normativa estatal

Lei 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario.

Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Real Decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.

Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos ao interior do territorio do Estado.

Real Decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.

Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, e o Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

2.3 Normativa autonómica

Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Decreto 175/2024, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia 2030.

Decreto 157/2024, do 20 de maio, polo que se aproba o Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia 2023-2030.

2.4 Outra documentación de afección

Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE).

Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores.

3 ANÁLISE E DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL

Neste capítulo analízase a situación actual do municipio de A Coruña no que respecta á súa demografía, ás súas particularidades urbanísticas, á súa economía e ao modelo de xestión de residuos municipais actualmente implantado, así como á interrelación entre todo o anterior.

Esta análise realízase co fin de coñecer os principais condicionantes de cara á posterior avaliación dos criterios clave da estratexia de xestión de residuos no que á adaptación á realidade do territorio se refire.

É necesario aclarar que o presente documento foi elaborado nun período de transición coa implantación do quinto colector, correspondendo a diagnose realizada á etapa previa á mesma.

3.1 Indicadores sociodemográficos

De seguido analízase o contexto sociodemográfico do Concello da Coruña que definen e condicionan o funcionamento do sistema de xestión de residuos do municipio.

3.1.1 Situación xeográfica e demografía

A 1 de xaneiro de 2023, constan no padrón municipal de habitantes do Concello da Coruña un total de 247.350 habitantes para unha superficie total de 38,83 km, obtendo unha densidade de poboación de 6.370 habitantes por km², a maior de Galicia. A poboación oscila nos últimos anos arredor dos 245.000 habitantes.




Figura 1. Evolución da poboación no Concello da Coruña, 2010-2023 (IGE).

En canto á idade media da poboación, no ano 2023 esta era de 47,4 anos, valor que se sitúa por baixo da media galega, o 25% da poboación ten máis de 64 anos e rexistra dende 1990 un saldo vexetativo negativo.




Figura 2. Pirámide poboacional do municipio de A Coruña (IGE)

Con todo, á hora de valorar a potencial xeración de residuos é preciso ter en conta non só aos habitantes da cidade, senón a todos aqueles que se desprazan habitualmente ao concello por motivos laborais ou de estudos, así como tamén á elevada carga que supón o turismo ou os eventos e concertos.

A este respecto, a partir dos últimos datos consolidados que o IGE ofrece das estatísticas de carga de poboación estacional (ano 2022), pode estimarse o balance da poboación que se despraza por estudos en 3.100 habitantes equivalentes (un 1,3% do padrón), sendo a dos traslados por motivos laborais de 6.200 habitantes (un 2,5% do total de habitantes empadroados na cidade).

Por outra banda, dende o ano 2020 o número de visitantes foi en aumento, ata acadar máis de 1.100.000 visitantes no ano 2023. Ademais, a distribución destes visitantes non é homoxénea nin temporal nin territorialmente, concentrándose principalmente nas rúas centrais da cidade.

Amósase a continuación a distribución dos visitantes á cidade ao longo do ano.




Figura 3. Distribución temporal dos visitantes ao municipio de A Coruña segundo a súa procedencia. Ano 2023 (INE)

Pode observarse que, aínda que o turismo nacional se amosa estable ao longo do ano, tanto o turismo internacional como principalmente os cruceiros teñen unha maior influencia no período agosto-outubro, acadando nestes meses unha media de 4.300 visitantes ao día.

A afluencia de visitantes á cidade, sexa de xeito habitual por traballo ou estudos, ou ocasional ocasionada polo turismo ou a realización de eventos, debe terse en conta ao valorar a xeración de residuos derivada e as características dos mesmos, así como as súas necesidades de xestión.

3.1.2 Particularidades urbanísticas

O municipio de A Coruña atópase dividido en 10 distritos, con características sociodemográficas moi diferentes.




Figura 4. Distritos existentes no Concello da Coruña.

Amósase na táboa seguinte a distribución segundo o distrito de distintos epígrafes.

	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9	D10
Vivendas 2011	8.185	18.945	14.825	17.520	15.550	13.500	30.420	5.280	6.685	4.500
Vivendas/Ha 2011	72,51	97,61	107,38	180,36	44,64	297,55	66,75	12,83	5,56	5,24
Densidade (hab/km ²) 2022	11.542	15.743	18.243	29.979	9.023	57.936	11.666	2.676	1.027	1.071
Poboación <20 (2022)	13,3%	15,3%	15,6%	13,1%	17,3%	14,1%	15,0%	17,8%	28,2%	15,9%
Poboación 20-64 (2022)	61,0%	59,2%	54,6%	58,7%	59,7%	57,5%	57,7%	62,8%	63,6%	60,8%
Poboación >64 (2022)	25,7%	25,5%	29,8%	28,2%	23,0%	28,4%	27,4%	19,5%	8,2%	23,3%

Táboa 1. Características urbanísticas por distrito.

Como se mencionou anteriormente, unha das características que mellor define a cidade da Coruña é a súa alta densidade de poboación. Así, mentres o distrito 6 ou 4 contaban en 2022 con 57.900 hab/km² e 30.000 hab/km² respectivamente, os distritos 9 e 10 case non superaban os 1.000 hab/km², debido tanto a unha maior dispersión poboacional coma á existencia de zonas industriais ou non habitadas nos mesmos.

Do mesmo xeito, estas cifras amosan unha densidade de vivendas moi alta, coa súa maior magnitude no distrito 6, onde se acadan case 300 vivendas por hectárea.

En canto á idade poboacional, todos os distritos presentan a mesma distribución, onde a poboación maior de 64 anos supera amplamente á menor de 20 anos, agás o distrito 9 (Mesoiro, Feáns, Castro de Elviña), onde a poboación menor de 20 anos triplica á maior de 64.

3.1.3 Economía

En canto ao tecido empresarial de A Coruña, destaca a existencia de dous grandes polígonos industriais: Agrela e Pocomaco. Porén, tamén se conta coas áreas industriais de Vío, a continuación de Pocomaco e de recente creación e en fase de desenvolvemento, Nostián, a continuación de Agrela, e A Artística, na fronteira con Arteixo e pertencente a ambos municipios.

No ano 2022, o municipio de A Coruña contaba con 21.139 empresas con actividade, das que un 84% contaba con 2 ou menos asalariados.




Figura 5. Empresas de A Coruña segundo o número de asalariados. Ano 2022 (IGE)

En canto ao sector predominante do tecido empresarial, o 85% pertencen ao sector servizos, onde destacan as actividades técnicas e profesionais e o comercio.




Figura 6. Empresas de A Coruña segundo actividade principal. Ano 2022 (IGE)

Amósase a continuación a distribución territorial das principais actividades do sector servizos do Concello da Coruña, onde se observa unha preponderancia destas actividades no distrito 3, agás os establecementos de hostalaría e restauración.

	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9	D10
Alimentación	39	39	64	53	49	48	56	10	4	14
Comercio	214	85	274	149	110	140	198	19	32	65
Horeca	221	66	111	56	79	40	86	10	3	22
Outros servizos	149	86	286	114	184	92	245	51	62	89

Táboa 2. Actividades económicas por distrito.

Por outra banda, a renda media bruta permite achegarse á situación económica dos habitantes do Concello da Coruña. Deste xeito, a renda media bruta por persoa acadou no Concello da Coruña 20.276 € para o ano 2022, sendo 47.151 € a renda bruta por fogar para o mesmo ano.

Sen embargo, estes indicadores tamén varían enormemente ao longo do territorio municipal.

	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9	D10
Renda bruta media por fogar	62.331	43.269	71.746	35.161	55.043	34.846	42.197	45.910	47.892	46.505
Renda bruta media por persoa	29.394	19.602	31.238	15.301	22.725	14.647	18.194	19.680	18.233	19.447

Táboa 3. Indicadores económicos por distrito, ano 2022.

Así, a poboación dos distritos 1 (Cidade Vella-Pescadería-Orzán) ou 3 (Ensanche-Catro Camiños) duplica a renda bruta per cápita dos habitantes do distrito 6 (Agra do Orzán) ou do distrito 4 (Os Mallos-Sagrada Familia).

Ademais das consideracións demográficas é preciso ter en conta as diferentes realidades urbanísticas e económicas que presenta o territorio municipal, onde conviven áreas residenciais con capacidades económicas moi dispares, áreas con vivendas en altura e outras con vivendas unifamiliares, zonas con elevada sensibilidade arquitectónica ou con especial protección contempladas no PEPRI; ou zonas industriais, de servizos ou áreas cunha elevada presenza de actividades de ocio.

Ter en conta estas consideracións será imprescindible para planificar un modelo de xestión axustado ás características do territorio e dos seus habitantes.

3.2 Antecedentes de planificación

En 1996, o Concello da Coruña decidiu acometer unha nova xestión de residuos, tras o punto de inflexión que supuxo o colapso do vertedoiro de Bens. A súa ambición era lanzar un plan innovador, ambicioso e respectuoso co medio ambiente.

Con esta aposta, definiuse un modelo de xestión, buscando sintetizar o funcionamento e a comodidade dos usuarios, maximizando a valorización dos biorresiduos, pero sen obviar o resto de materiais, integrándose (salvo as fraccións monomateriais) nunha recollida común a través dun recipiente inorgánico. Para tal fin, construíuse unha planta de tratamento de residuos, dotada da tecnoloxía e capacidade para posibilitar un funcionamento adecuado, en consonancia con estes obxectivos.


Esta planificación respondeu ao definido na Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, na que se sinalaba que os concellos debían establecer un Plan Municipal de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, no que, tras a análise do volume e natureza dos residuos producidos, se definirían os circuitos de recollida, a localización dos contedores, os equipamentos e instalacións necesarios e o resto de datos relativos á correcta organización do servizo.

Neste marco, en novembro de 1999 iniciouse a implantación progresiva da recollida selectiva nos distintos barrios da cidade, coincidindo coa posta en funcionamento da planta. O Consorcio As Mariñas ratifica a súa adhesión ao Plan de Residuos da Coruña no ano 2000, e en setembro dese ano foron recibidos, en primeira instancia indiferenciados, os residuos dos concellos constituídos do Consorcio As Mariñas.

3.3 Prevención na xeración de residuos

Aínda que o Concello da Coruña non dispón actualmente de plan local de prevención, son levadas a cabo de xeito habitual actuacións en materia de prevención.

Ademais das accións formativas en centros escolares, que comprenden todos os ámbitos da xestión de residuos cun énfase especial na prevención, entre as actividades específicas en materia de prevención realizadas ata o momento destacan as levadas a cabo anualmente no marco da Semana Europea de Prevención de Residuos (EWWR) con ámbitos tan dispares como o fomento de envases reutilizables en substitución dos envases dun só uso, da diminución do desperdicio alimentario ou da reparación de bens de consumo e a economía circular. Tamén se puxeron en marcha iniciativas destinadas á recuperación de envases comerciais ou actividades de intercambio de bens.



3.4 Xestión de residuos

Como se sinalou, o presente documento foi elaborado nun período de transición entre o modelo húmido-seco e a implantación da recollida selectiva de envases lixeiros. Así, ata outubro de 2025 a estratexia de xestión no Concello da Coruña adaptábanse ao modelo húmido-seco, no que se maximiza a recuperación dos biorresiduos. Contábase por tanto coa recollida separada de 4 fraccións: envases de vidro, papel e cartón, fracción orgánica (biorresiduos) e fracción inorgánica (que inclúe os envases lixeiros de plástico, metal e briks ademais doutros residuos), complementada con colectores específicos para a recollida de aceite de cociña usado, roupa usada e pilas, así coma outras recollidas sen colector, coma as de voluminosos ou RAEE.

A partir desta data, foi posta en marcha a recollida de envases lixeiros, para a que se utilizaron os colectores previamente dedicados á fracción inorgánica pechados e adaptados con boca redutora, introducindo un novo colector, destinado á fracción resto, para o depósito de todos os residuos que non contan cunha recollida separada. Dado que a súa implantación é recente e aínda non se dispón de datos que permitan avaliar a súa evolución, a diagnose da xestión de residuos analiza o sistema de recollida instalado ata o momento.

A recollida e xestión de todos os residuos municipais é realizada mediante diversos contratos ou convenios. Para elaborar esta diagnose asúmese que a cantidade de residuos producidos no territorio municipal é igual ás cantidades recollidas por todos os medios.

A pesar de toda a información de que se dispón, este cálculo presenta un problema dado que subestima a xeración de residuos ao non contabilizar os fluxos de residuos xestionados por outros medios (SCRAP, xestores privados, colectores en entidades privadas) ou non xestionados axeitadamente.

Por outra banda, e dado que non existe nas recollidas unha diferenciación segundo a súa orixe, descoñécese a proporción de residuos xestionados que corresponde a residuos comerciais ou domésticos xerados nas industrias.

3.4.1 Loxística da recollida

A recollida de residuos no termo municipal da Coruña conta con moitos medios de características moi diferentes. Descríbense a continuación os sistemas de recollida existentes ata o momento para cada unha das fraccións.



FRACCIÓN ORGÁNICA

Principalmente recollida mediante colectores en superficie de carga traseira, semisoterrados de carga superior e soterrados de cargas traseira e superior, con recollidas os 7 días da semana.

Tamén se puxo en marcha a primeira fase dunha recollida porta a porta da fracción orgánica na hostalaría da Zona Central de Máxima Concentración Hostaleira (ZCMCH), mediante colectores de carga traseira de diferentes capacidades, que son recollidos a diario en horario de tarde e noite.

Recollida en mercados, mediante colectores de carga traseira. Ademais, en todos estes centros é realizada unha recollida específica de subprodutos de orixe animal (Sandach).

Recollida porta a porta en colector nos polígonos industriais de Agrela e Pocomaco.

Recollida no Mercado Central de Froita mediante un colector de grandes dimensións.

FRACCIÓN INORGÁNICA

Recollida mediante colectores en superficie de carga traseira, semisoterrados de carga superior e soterrados de cargas traseira e superior, con recollidas os 7 días da semana.

Recollida da fracción inorgánica no marco da recollida porta a porta na hostalaría da ZCMCH, mediante colectores de carga traseira de diferentes capacidades, que son recollidos diariamente en horario de tarde e noite.

Recollida en mercados, mediante colectores de carga traseira.

Recollida porta a porta de plástico nos polígonos industriais de Agrela e Pocomaco.

PAPEL E CARTÓN

Recollida mediante colectores en superficie de carga lateral e carga traseira, semisoterrados de carga superior e soterrados de carga superior.

Recollida en centros colaboradores mediante colectores de carga traseira, que se baleiras previo aviso unha vez que están cheos: centros educativos, institucións públicas,...

Recollida porta a porta de cartón nos establecementos comerciais da zona centro mediante o seu depósito en puntos definidos, pregado e atado, en horario de mañá 3 veces por semana.

Recollida porta a porta de papel e cartón nos mercados.

Recollida porta a porta de cartón nos polígonos industriais de Agrela e Pocomaco.

ENVASES DE VIDRO

Recollida mediante colectores en superficie de carga lateral, semisoterrados de carga superior e soterrados de carga superior.

Recollida dos envases de vidro no marco da recollida porta a porta na hostalaría da ZCMCH, mediante colectores de carga traseira de pequeno volume, que se recollen en horario de mañá 4 veces por semana.

Recollida porta a porta dos envases de vidro dos establecementos comerciais da zona centro 4 veces por semana en horario de mañá.

OUTRAS RECOLLIDAS

- ❖ Voluminosos: recollida que, baixo aviso ao teléfono de atención cidadá, diariamente retira os residuos voluminosos que o cidadán deposita nas proximidades dos colectores.
- ❖ RAEE: recollida baixo aviso ao teléfono de atención cidadá.
- ❖ Pilas: realizada mediante puntos de recollida distribuídos en establecementos públicos e privados do concello.
- ❖ Aceites usados: recollida mediante colectores instalados na vía pública, actualmente realizada por Mulleres Colleiteiras.
- ❖ Téxtiles: recollida mediante colectores instalados na vía pública, realizada actualmente por Arroupa.
- ❖ Animais mortos. Funciona mediante aviso ao teléfono de atención cidadá.
- ❖ Vehículos abandonados, xestionados en colaboración co Dpto. de Transportes.

Táboa 4. Recollidas de residuos existentes no Concello da Coruña.

A pesar das numerosas recollidas porta a porta existentes, a maior parte dos residuos son recollidos mediante a recollida contenerizada, como se verá máis adiante. Amósase a continuación o parque de colectores previamente existente na vía pública.

Fracción	Colectores	Volume (litros)	Hab/cont	l/hab	Rateo ref ¹
Fracción orgánica	3.882	1.169.620	63,7	4,73	80 hab/cont
Fracción inorgánica	5.272	4.565.100	46,9	18,45	
Papel e cartón	723	2.542.100	342,2	10,28	6,00-7,50 l/hab
Envases de vidro	696	1.535.700	355,4	6,21	250 hab/cont
Téxtiles	152	-	1.565,7	-	1.000-1.500 hab/cont
Aceite usado	75	-	3.254,9	-	
Pilas	1.375	-	179,9	-	

Táboa 5. Parque de colectores instalados na vía pública por fracción e rateos (2024).

Na táboa anterior non se inclúen os colectores instalados en establecementos privados, como tendas, supermercados, gasolinerais ou centros comerciais, ao non dispoñer desta información, ou establecementos colaboradores, por non estar a disposición do público xeral.

Para cada unha das catro fraccións principais dispónse no territorio municipal dunha ampla variedade de sistemas de recollida (carga traseira, carga superior, carga lateral, colectores soterrados ou moloks) e de dispares capacidades. Con todo, a recollida das fraccións inorgánica e orgánica pivota en gran medida no sistema de recollida de carga traseira, supoñendo sobre a capacidade total dispoñible un 93% e un 83%, respectivamente. Pola súa banda, as recollidas de papel e cartón e envases de vidro repártense entre os sistemas de carga lateral e os colectores soterrados ou tipo molok.

En canto ás rateos existentes, todas as fraccións dispoñen dun maior número de colectores do que se establece nas referencias consideradas, agás no caso dos residuos téxtiles, onde se está lixeiramente por debaixo do recomendado.

¹ Fracción orgánica: *Gestión de biorresiduos de competencia municipal. Guía para la implantación de la recogida separada y tratamiento de la fracción orgánica*. MAGRAMA. 2013

Papel e cartón: *Recomendaciones para el diseño de un servicio de recogida selectiva monomaterial de papel y cartón en contenedores*. Ecoembes, 2008. Rateos diferentes segundo o sistema de recollida.

Envases de vidro: *convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso*. 2025

Residuos téxtiles: *Estudio complementario estado de la recogida diferenciada de residuos textiles post-consumo*. Castilla La Mancha, 2023.

As rateos amosadas na táboa correspóndense coa media obtida para todo o concello, porén, a situación é diferente segundo o distrito considerado.




Figura 7. Rateo de contenerización para as diferentes fraccións por distrito, 2024.

A esta diferencia contribúen a existencia de áreas cunha maior dispersión de poboación que require dun maior número de medios, distritos 9 e 10 por exemplo, xunto a outras onde a densidade de poboación é tan elevada que baixa as rateos, coma por exemplo os distritos 6 ou 4.

Do mesmo xeito, a densidade de contenerización tamén se ve afectada pola existencia de áreas con elevadas actividades comercial ou hostaleira. Amósase a continuación a distribución territorial das actividades económicas sinaladas no capítulo anterior.




Figura 8. Distribución territorial das actividades económicas por distrito.

Se ben é certo que nestas áreas existen diversos servizos de recollida porta a porta que non fan tan necesaria unha maior densidade de contenerización, pode observarse que a dita densidade é maior que a doutras zonas puramente residenciais.

Para levar a cabo a recollida separada dos biorresiduos, ademais das recollidas da fracción orgánica descritas, o concello da Coruña conta dende 2016 con compostaxe domiciliaria, mediante a entrega de composteiros en vivendas unifamiliares. Ademais, en 2019 foi realizada unha campaña específica para os centros educativos do municipio, sendo implantada a compostaxe en 9 centros.

En canto á compostaxe comunitaria, a finais de 2023 foi posto en marcha un composteiro comunitario no barrio de Novo Mesoiro e durante 2025 outras 3 unidades nos barrios de Castrillón, Eirís e Monte Alto.

Ademais das recollidas descritas, no concello da Coruña dispónse de dous puntos limpos destinados a residuos domiciliarios, situados na Ronda de Outeiro e en Eirís, abertos 4 días por semana en horario de mañá e tarde e sábados en horario de mañá.

Son recintos de achega voluntaria daqueles residuos que non teñen cabida nos colectores dispostos na vía pública, como os residuos perigosos, pero tamén doutros que, aínda que se conta con medios máis próximos, o cidadán prefere entregar nestas instalacións.

Ademais, un punto limpo móbil percorre os diferentes barrios da cidade, de martes a sábado en horario de mañá, facilitando así aos cidadáns a xestión principalmente dos residuos perigosos do fogar, así coma os aceites usados, roupa ou pequenos RAEE.

Tamén se dispón de dous puntos limpos industriais, situados nos polígonos industriais de Agrela e Pocomaco, que funcionan de luns a venres en horario de mañá e tarde. Son recintos destinados ás empresas situadas nos propios polígonos. Neles poden ser depositados papel e cartón, envases de plástico ou de madeira, tubos fluorescentes e aceite de cociña usado.

Finalmente, dende 2022 dispónse de 4 minipuntos limpos localizados nos barrios de Monte Alto, Agra do Orzán, Os Rosais e Novo Mesoiro, aos que se engadiron 3 unidades máis nos barrios de Palavea, Oza-Gaiteira-Os Castros e Os Mallos en 2024 e 4 máis en 2025 na Pza. Pontevedra-San Andrés, Matogrande, Elviña e Riazor-Cidade Escolar, ata acadar un total de 11 dispositivos. Trátase dunhas instalacións fixas de pequeno tamaño destinadas principalmente a pequenas cantidades de residuos perigosos.

3.4.2 Infraestruturas municipais

O Concello da Coruña dispón de infraestruturas propias para a clasificación e tratamento da maior parte dos residuos municipais. Así, e como xa se indicou, o Concello da Coruña posúe dous puntos limpos destinados a residuos domiciliarios, situados na Ronda de Outeiro e en Eirís, e outros dous destinados a residuos procedentes das empresas, situados nos polígonos industriais de Agrela e Pocomaco.

Ademais, tamén é de propiedade municipal a planta de tratamento de residuos urbanos de Nostián na que, como se verá posteriormente, son xestionados a maior parte dos residuos municipais da Coruña e o Consorcio As Mariñas.

3.4.2.1 Puntos limpos

Dado que os residuos procedentes das empresas non son obxectivo deste plan, agás os residuos asimilables a domésticos, xestionados a través de recollidas convencionais, non se realiza neste plan a diagnose do estado dos puntos limpos situados nas áreas industriais.

Os puntos limpos destinados a residuos municipais están situados dentro da cidade, ambos están localizados na periferia da mesma:




Figura 9. Localización do punto limpo dos Rosais.



Figura 10. Localización do punto limpo de Eirís

Trátase de dous recintos de aproximadamente 3.900 m² con colectores específicos de diferentes tamaños para a recollida dunha serie de residuos autorizados. Do mesmo xeito, a Ordenanza municipal de xestión de residuos municipais e limpeza viaria establece unhas cantidades máximas admitidas por persoa e visita.

- Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
- Mobles e aveños
- Podas e segas
- Residuos de produtos fotoquímicos: CD, DVD ou radiografías
- Residuos téxtiles
- Botes de pintura e verniz
- Envases aerosois baleiros
- Envases de vidro e papel-cartón
- Pneumáticos
- Cascallos
- Pilas
- Termómetros
- Baterías fóra de uso
- Aceite de cociña usado
- Aceite mineral usado
- Tóner de tinta
- Fluorescentes
- Cristais planos

Ademais do anterior, nos puntos limpos descárganse tamén os residuos recollidos polo punto limpo móbil. Os dous puntos limpos fixos xunto co punto limpo móbil, permitiron a recollida das seguintes cantidades de residuos:

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Ronda de Outeiro	3.564,16	3.577,13	3.553,12	3.756,51	3.704,55	3.607,95
Eirís	4.489,32	4.435,86	4.450,58	4.923,53	4.851,24	4.805,48
Total (t)	8.053,48	8.013,00	8.003,70	8.680,04	8.555,78	8.413,43

Táboa 6. Evolución da cantidade de residuos recollidos nos puntos limpos de Ronda de Outeiro e Eirís.

En canto aos residuos entregados, o 38% dos mesmos correspóndese con entullos, ao que se suma un 25% de madeira e un 19% de podas. A elevada cantidade de entullos e madeira aportados é compatible co seu uso por parte das empresas do municipio, autorizadas ata o momento.

Fracción	Cantidade 2023 (t)	% sobre o total
Entullos	3.155	38%
Madeira	2.084	25%
Podas	1.586	19%
Residuos voluminosos	776	9%
Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos	270	3%
Plástico	234	3%

Fracción	Cantidade 2023 (t)	% sobre o total
Cristal	122	1%
Roupa	43	1%
Papel e cartón	35	0,4%
Metais	33	0,4%
Pintura	22	0,3%
Pneumáticos fóra de uso	19	0,2%
Envases de vidro	8	0,1%
Residuos de produtos fotoquímicos	7	0,1%
Aceite mineral	6	0,1%
Baterías de chumbo	3	0,03%
Tubos fluorescentes	2	0,03%
Envases plásticos contaminados	2	0,02%
Tóner	1	0,02%
Aceite vexetal	1	0,01%
Baterías Ni/Cd	1	0,01%
Envases metálicos contaminados	1	0,012%
Envases aerosois baleiros	0,8	0,010%
Siliconas	0,3	0,003%
Filtros de aceite	0,10	0,001%
Total residuos	8.413	100%

Táboa 7. Residuos recollidos nos puntos limpos de Ronda de Outeiro e Eirís en 2023.

No relativo ás instalacións, a súa antigüidade fai necesaria unha actualización das mesmas, para corrixir unha serie de deficiencias.

3.4.2.2 Planta de tratamento de residuos urbanos de Nostión

Trátase dunhas instalacións municipais que teñen como finalidade a xestión dos residuos da Coruña e o Consorcio As Mariñas, optando a unha valorización dos residuos e recuperación de recursos en proximidade.

As instalacións ocupan unha superficie de 167.150 m² e están situadas dentro do termo municipal, pero fóra da cidade.





Figura 11. Localización da PTRU de Nostián.

Por un lado, funcionan como instalacións de clasificación dos residuos recibidos como parte de diversas recollidas separadas de ambos entes ou dos puntos limpos do Concello da Coruña. Por outro, procesan as fraccións orgánica e inorgánica de ambas procedencias.



⁽¹⁾ Recollidas de pilas, voluminosos, RAEE, zonas verdes, limpeza de vías públicas, residuos de supermercados

⁽²⁾ Residuos voluminosos, podas, envases de vidro, plásticos, madeira, cristal, metais, envases de plástico

Figura 12. Esquema do fluxo de residuos.

Fracción	Cantidade 2023 (t)
Fracción inorgánica	108.692
Fracción orgánica	30.532
Papel e cartón recollidos selectivamente	7.071
Envases de vidro recollidos selectivamente	6.199
Fracción verde	1.488
Residuos da limpeza viaria	524
Residuos voluminosos	1.701
Outras recollidas selectivas	169
Residuos procedentes dos puntos limpos	5.020
Outros residuos	28
Total residuos	161.423

Táboa 8. Residuos xestionados na PTRU Nostián no ano 2023.

Os procesos que se realizan para o tratamento dos residuos recibidos son:

- Identificación e pesada dos residuos.
- Pretratamento. Clasificación e selección de produtos recuperables, así como da fracción de materia orgánica destinada a outros procesos.
- Biometanización de parte da materia orgánica seleccionada.
- Fermentación e maduración en pilas da materia orgánica seleccionada e do dixesto obtido no proceso de biometanización.
- Afino da materia orgánica fermentada e madurada para obtención de compost ou bioestabilizado.
- Xeración de enerxía co biogás producido no proceso de biometanización.
- Preparación para a expedición dos materiais reciclados e a fracción dos diferentes rexeites obtidos nos procesos.

De todas as fraccións recibidas na planta de Nostián, entran a tratamento as fraccións orgánica e inorgánica, así como parte da fracción verde.

Estes residuos son depositados nos fosos de recepción de onde entran a tratamento nas dúas liñas existentes a través das tolvas, que manteñen un fluxo constante de residuos a cada trómel. Tras o cribado no trómel distínguense ou clasifícanse tres fluxos:

- A fracción <80 mm, que se destina a dixestión.
- A fracción maior de 80 mm e menor de 350 mm, que se destina a un separador balístico para a clasificación dos produtos planares e rodantes, estes últimos enviados á selección e clasificación de materiais mediante triaxe manual e automática.

A fracción de planares obtida é sometida a un sistema de trómel e balístico do que se obtén fraccións <60 mm que se envían á compostaxe ou dixestión, rodantes (que se unen á liña de rodantes anterior) e planares, enviado por separado para a recuperación de materiais.

- A fracción >350 mm, que se destina directamente á recuperación de materiais, principalmente de papel-cartón.

Á fracción que se destina a dixestión fáiselle unha separación previa dos férricos antes de ser enviada aos dixestores. Durante un proceso de dixestión por vía seca obtense biogás que posteriormente é transformado en enerxía eléctrica.

O dixesto producido na biometanización sométese a unha deshidratación mediante prensa. A fracción sólida obtida é enviada á compostaxe e a líquida á depuradora ou a un xestor autorizado.

Os rexeites dos procesos son enviados a vertedoiro externo autorizado, ao estar o vertedoiro da planta esgotado.

A partir das actividades levadas a cabo nas instalacións da PTRU de Nostián para o ano 2023, obtense o seguinte balance xeral.

Entradas		Saídas	
161.423 t	Materiais recuperados	62.036 t	38,4%
	Rexeites a vertido	79.258 t	49,1%
	Perdas ⁽¹⁾	20.129 t	12,5%
⁽¹⁾ Perdas de masa debidas á transformación da fracción orgánica durante o proceso de tratamento.			

Táboa 9. Balance resumo da PTRU de Nostián.

3.4.3 Xeración de residuos: cantidades e composición

Unha vez descritos os medios cos que se conta para a recollida dos residuos de competencia local e mais a súa xestión, cómpre analizar a súa cantidade e composición.

Na táboa seguinte poden observarse as cantidades xestionadas no territorio municipal a través de cada recollida, así como o destino de cada unha delas:

Recollida	Cantidade 2023 (t)	Destino
Fracción orgánica (todas recollidas)	16.346,44	P.T. Nostián
Fracción inorgánica (todas recollidas)	63.168,95	P.T. Nostián
Papel e cartón (colectores + comercial)	4.676,46	P.T. Nostián
Envases de vidro (colectores + comercial)	3.851,42	P.T. Nostián
Recollida de residuos téxtiles	876,75	P. Rubinos / Arroupa
Recollida de aceite usado	93,41	Mulleres Colleiteiras
Recollida de pilas	7,50	P.T. Nostián
Recollida voluminosos	1.513,54	P.T. Nostián
Recollida RAEE	161,18	P.T. Nostián
Residuos da limpeza de vías públicas	523,52	P.T. Nostián
Residuos de zonas verdes	1.488,12	P.T. Nostián
Sandach mercados	180,93	Xestor autorizado
Animais mortos	s/d	Xestor autorizado
Vehículos abandonados	600,00	Xestor autorizado
Puntos limpos (total) ¹	10.204,10	P.T. Nostián / Xestor autorizado
Minipuntos limpos (total)	4,92	Xestor autorizado
Outros voluminosos ²	187,90	P.T. Nostián
Outros orgánicos ³	491,31	P.T. Nostián
Outros inorgánicos ⁴	328,05	P.T. Nostián
Total recollidas	104.704,50	-
¹ Inclúe os residuos recollidos a través do punto limpo móbil.		
² Residuos voluminosos xestionados a través de entidades sociais.		
³ Residuos orgánicos entregados por grandes supermercados na P.T. Nostián.		
⁴ Residuos inorgánicos entregados por grandes supermercados na P.T. Nostián.		

Táboa 10. Cantidades de residuos recollidas en 2023 no municipio de A Coruña e destino.

É importante indicar que na táboa anterior non se atopan incluídos os residuos xestionados en orixe mediante a compostaxe domiciliaria ou comunitaria, nin todos os residuos de competencia local que son obxecto de xestión privada, ou os residuos domésticos xestionados a través de colectores situados en entidades privadas (RAEE retirados por entidades comerciais, residuos téxtiles recollidos en tendas, aceites usados e outros retirados en supermercados, etc.), ao non dispor desta información.

Do mesmo xeito, é posible que algúns dos residuos xestionados a través dos puntos limpos ou das recollidas realizadas nos polígonos industriais sexan residuos industriais, con todo, non é posible a súa desagregación.

Como pode observarse, a maior parte dos residuos son xestionados a través da planta de tratamento de residuos de Nostián, de titularidade municipal.

Se consideramos unicamente os definidos como residuos municipais, obtense unha xeración per cápita para o ano 2023 de 408,25 kg/ano ou 1,12 kg por habitante e día, lixeiramente inferior á xeración galega recollida no PXRMG 2030.

Por outra parte, a recollida de residuos non amosa unha marcada compoñente estacional, máis aló do aumento ou descenso de determinadas fraccións de residuos en diferentes épocas do ano, coma os envases de vidro en agosto ou Nadal ou o papel e cartón en Nadal. Podería entenderse que o aumento de xeración que o turismo ocasiona nos meses de verán se ve compensado en termos globais polos desprazamentos vacacionais dos seus habitantes ou cara segundas vivendas, sendo necesario por tanto ter en conta o desprazamento xeográfico da xeración dos residuos cara ás áreas máis turísticas da cidade.




Figura 13. Evolución da xeración de residuos municipais e xeración per cápita, 2018-2023.

A evolución da xeración de residuos per cápita no Concello da Coruña amosa unha tendencia decrecente, acentuada no ano 2020 pola crise sanitaria da COVID-19. A variación total no período 2018-2023 sitúase no -4,3%, pero nos últimos dous anos a variación media anual é de -2,7%.

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Poboación	244.850	245.711	247.604	245.468	244.700	247.276
Resíduos municipais (t)	104.412,50	104.610,65	99.689,15	102.946,77	100.540,55	100.949,32
kg/hab ano	426,43	425,75	402,62	419,39	410,87	408,25
kg/hab día	1,17	1,17	1,10	1,15	1,13	1,12

Táboa 11. Evolución da xeración de residuos municipais e xeración per cápita, 2018-2023.

Sen embargo, a non existencia de información suficiente e contrastada respecto da situación da xestión dos residuos en 2010, non permite determinar o grao de cumprimento dos obxectivos de redución legalmente establecidos a día de hoxe.

		2020	2025	2030
Redución do peso dos residuos xerados, respecto a 2010	Lei 7/2022, art. 17	10%	13%	15%
	Lei 6/2021, art. 3		15%	

Táboa 12. Obxectivos de redución de residuos segundo a normativa.

Co obxectivo de observar a relación entre a xeración de residuos e o desenvolvemento económico do Concello da Coruña, propónse na seguinte táboa o seguimento dun indicador que se obtén ao tomar en consideración a cantidade de residuos xerados e a renda media por persoa durante o período analizado. Pódese observar que a redución da xeración per cápita prodúcese nun contexto de crecemento da renda bruta media.

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Xeración per cápita (kg/hab ano)	426,43	425,75	402,62	419,39	410,87	408,25
Renda bruta media por persoa INE (€/ano)	17.416	18.026	17.975	18.658	20.276	s/d
kg/1.000 € de renda bruta por persoa	24,49	23,62	22,40	22,48	20,26	-

Táboa 13. Evolución da xeración de residuos municipais e a renda por persoa, 2018-2023.

En canto á evolución da recollida selectiva, o comportamento é diferente segundo a fracción dos residuos municipais considerada. Na táboa seguinte amósase o total dos residuos recollidos separadamente de cada fracción, con independencia do medio utilizado para a súa recollida.

Fracción recollida separadamente	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Fracción orgánica	18.399,53	18.599,06	17.112,44	17.230,38	17.056,14	16.837,75
Papel e cartón	5.255,12	5.267,32	4.697,86	4.520,85	4.637,98	4.975,46
Envases de vidro	3.687,66	3.934,58	3.733,98	3.892,93	3.819,14	3.859,38
Téxtil	806,72	710,07	640,05	880,86	931,59	920,21
Aceite usado	75,44	95,29	110,72	114,52	100,35	94,54
Pilas	13,34	13,36	13,22	15,58	10,91	9,70
Voluminosos	2.125,86	2.213,90	2.290,50	2.843,05	2.293,80	2.477,12
RAEE	569,03	554,63	556,64	459,30	402,85	436,03
Fracción verde	2.424,16	2.347,63	2.442,84	2.735,33	2.909,02	3.074,32
Sandach	222,16	264,75	274,28	235,07	196,88	180,93
Outros residuos perigosos	35,57	48,21	44,79	43,44	44,49	42,54
Outros residuos non perigosos	3.771,12	3.917,54	4.127,36	4.385,89	4.140,32	4.020,83
Total	37.385,72	37.966,35	36.044,67	37.357,20	36.543,45	36.928,80

Táboa 14. Evolución das recollidas separadas, 2018-2023.

Así, as recollidas separadas de residuos téxtiles, residuos voluminosos ou a fracción verde foron en claro aumento. No entanto, as aportacións ás recollidas de pilas ou RAEE descendéron no período analizado, atopándose estabilizadas as recollidas de papel-cartón ou os envases de vidro.

Con todo, o máis importante é o descenso observado na recollida separada da fracción orgánica, que acada un 8,5% no período analizado. Este feito é aínda máis importante cando o nivel de impropios do residuo recollido é superior ao requirido pola lei estatal de residuos para que sexa considerado recollida separada.

Así as cousas, o Concello da Coruña presentaba en 2023 unha porcentaxe de recollida separada do 16%.

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Residuos municipais (t)	104.412,50	104.610,65	99.689,15	102.946,77	100.540,55	100.949,32
Recollida separada (t)	15.215,07	15.449,74	14.804,87	15.740,93	15.346,99	16.070,22
% recollida separada	14,6%	14,8%	14,9%	15,3%	15,3%	15,9%

Táboa 15. Evolución da recollida separada, 2018-2023.

Esta porcentaxe de recollida separada atópase por debaixo do obxectivo que establece a lei de residuos estatal para o ano 2035. Para poder acadar este obxectivo, é imprescindible non só aumentar as cantidades das recollidas separadas existentes, senón tamén a súa calidade.

Fracción recollida separadamente	kg/hab 2023
Fracción orgánica	68,07
Papel e cartón	20,11
Envases de vidro	15,60
Téxtil	3,72
Aceite usado	0,38
Pilas	0,04
Voluminosos	10,01
RAEE	1,76
Fracción verde	12,43
Sandach	0,73
Outros residuos perigosos	0,17
Outros residuos non perigosos	16,25

Táboa 16. Recollida separada per cápita no Concello da Coruña, 2023.

Da análise das cifras anteriores, destaca a baixa cifra de envases de vidro segregados, por debaixo da media estatal para ese mesmo ano, situada en 19,2 kg/habitante. Tamén é moi baixa a cifra de RAEE recollidos (media estatal de 8,10 kg/hab en 2023), que debe ser explicada pola non inclusión dos residuos entregados nos establecementos comerciais para a súa xestión polos SCRAP. A recollida de papel e cartón sitúase na media nacional, 19,6 kg/habitante.

A este respecto, unha análise detallada da composición dos residuos municipais é fundamental para determinar que fraccións teñen maior marxe de mellora. En primeiro lugar, e como xa se sinalou, o índice de impropios da fracción orgánica recollida separadamente dos domicilios non cumpre o establecido na lei estatal de residuos.

En xeral, destaca a presenza de envases domésticos, pero tamén de papel e cartón. Ambas fraccións deben ser obxecto de medidas encamiñadas á súa recuperación.




Figura 14. Composición da fracción orgánica domiciliar. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.

Sen embargo, a composición da fracción orgánica recollida difire ao longo do territorio municipal. Para a análise composicional non se considerou a distribución por distritos, senón as características sociodemográficas dos territorios.

Zona	Características sociodemográficas	Áreas consideradas
A	Barrios antigos, pouco densos poboacionalmente, con poboación envellecida, nivel económico alto e con actividades comerciais, hostaleiras, turísticas e de servizos.	Cidade Vella / Pescadería SE, dende Pza María Pita ata Rúa Nova
B	Barrios urbanizados a finais do s. XX ou primeiros do XXI, con poboación relativamente moza, nivel económico medio ou alto e principalmente residencial.	Matogrande / Os Rosais / Novo Mesoiro / Vioño
C	Barrios antigos, con poboación envellecida, nivel económico alto e que combinan uso residencial e actividade institucional, comercial e hostaleira.	Cantóns (Pescadería SO) / Ensanche / Catro Camiños / A Cubela / Zalaeta / Riazor - San Roque / Paseo Pontes - Cidade Xardín
D	Barrios con poboación relativamente moza, nivel económico medio e principalmente residencial con espazos turísticos.	Monte Alto / Adormideras / Atochas / Pescadería Norte
E	Barrios poboacionalmente estables, con nivel económico medio e uso residencial.	Agra do Orzán / Ventorrillo / Castrillón / Monelos / Os Castros / A Gaiteira / Falperra - Santa Margarita / Os Mallos - Sardiñeira / Elviña
F	Barrios antigos con vivenda de protección oficial, poboación estable demograficamente, nivel económico medio e uso residencial.	Sagrada Familia / Labañou / Barrio das Flores / Birloque - Martinete

Táboa 17. Zonificación do territorio. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.

A partir da clasificación anterior, amósase a continuación a composición da fracción orgánica en cada unha das zonas definidas, para as principais fraccións de residuos.

	Zona A	Zona B	Zona C	Zona D	Zona E	Zona F
Biorresiduos	81,47%	80,25%	75,26%	73,51%	74,69%	72,25%
Papel-cartón	3,85%	4,82%	6,97%	4,86%	5,10%	6,42%
Envases de vidro	1,51%	0,74%	1,84%	2,85%	2,00%	1,14%
Outros residuos	13,18%	14,19%	15,93%	18,78%	18,21%	20,19%

Táboa 18. Composición da fracción orgánica. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.

Á vista do anterior, as zonas A e B amosan un mellor comportamento cidadá na segregación dos biorresiduos, por debaixo do 20% de impropios, mentres o resto das áreas presentan valores de impropios entre o 28% e o 25% dos residuos.

En canto á composición da fracción inorgánica dos residuos, destaca a presenza dun 39% de residuos orgánicos, un 19% de papel e cartón ou un 15% de envases lixeiros.




Figura 15. Composición da fracción inorgánica domiciliaria. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.

Na análise territorial amósanse novamente diferencias. Así, a Zona C presenta a maior proporción de papel e cartón e de envases de vidro cunha elevada proporción de biorresiduos. Tamén presentan moito papel e cartón as B e E. A presenza de biorresiduos é moi elevada en todas as zonas, destacando as zonas F e A.

	Zona A	Zona B	Zona C	Zona D	Zona E	Zona F
Biorresiduos	42,57%	35,56%	40,72%	40,26%	36,87%	43,92%
Papel-cartón	12,46%	19,37%	20,54%	16,31%	19,07%	12,96%
Envases de vidro	3,30%	2,81%	4,81%	4,39%	4,40%	3,83%
Outros residuos	41,66%	42,26%	33,93%	39,03%	39,66%	39,30%

Táboa 19..Composición da fracción inorgánica. Caracterización dos fluxos municipais A Coruña, 2021.

Para rematar a análise composicional, amósase a continuación a composición dos residuos municipais do municipio da Coruña, así coma a porcentaxe de captura neta específica de cada un dos materiais analizados.

Residuo xerado	Xeración total (t)	% dos residuos municipais	Recollido selectivam. (t)	% recollido selectivamente
Biorresiduos	40.153,05	39,78%	14.120,78	35,17%
Fracción orgánica	35.848,69	35,51%	12.279,39	34,25%
Fracción verde	4.304,35	4,26%	1.841,39	42,78%
Papel-cartón	17.508,78	17,34%	4.796,55	27,40%
Envases domésticos	5.673,26	5,62%	930,12	16,39%
Envases comerciais	5.799,05	5,74%	1.901,12	32,78%
Papel e cartón non envase	6.036,48	5,98%	1.965,31	32,56%
Envases de vidro	6.886,78	6,82%	3.824,64	55,54%
Outros residuos	36.400,72	36,06%	7.721,12	21,21%
Envases domésticos	10.732,53	10,63%	0,00	0,00%
Envases comerciais	720,05	0,71%	0,00	0,00%
Téxtil	4.778,59	4,73%	920,21	19,26%
Voluminosos	2.690,94	2,67%	2.477,12	92,05%
RAEE	1.136,62	1,13%	436,03	38,36%
Plástico non envase	1.498,47	1,48%	233,96	15,61%
Metais non envase	672,81	0,67%	33,12	4,92%

Residuo xerado	Xeración total (t)	% dos residuos municipais	Recollido selectivam. (t)	% recollido selectivamente
Outros residuos perigosos	1.018,38	1,01%	42,24	4,15%
Outros residuos non perigosos	13.152,33	13,03%	3.578,44	27,21%

Táboa 20. Composición dos residuos municipais no concello da Coruña e porcentaxe de recollida selectiva de cada fracción, 2023.

Pode observarse que a fracción orgánica é a que presenta unha maior proporción nos residuos municipais, ademais de ter unha ampla porcentaxe de mellora, en tanto só o 35% dos residuos orgánicos xerados son recollidos selectivamente.

Do mesmo xeito, as diferentes recollidas selectivas do papel e cartón só acadan o 27% da súa xeración. Aínda que a súa porcentaxe en peso non é moi elevada, un 17% do total, é importante sinalar que se trata dun residuo nalgúns casos voluminoso e que, por tanto, supón un elevado problema ao ser depositado nos colectores doutras fraccións, provocando desbordamentos e maiores necesidades de medios.

Outras fraccións cun baixo índice de recuperación, a pesar de dispoñer de recollidas separadas no termo municipal, son os residuos téxtiles (un 19%) ou os envases de vidro (56%), todas con amplas marxes de mellora.

Por outra banda, pode observarse que os envases domésticos que ata o momento non dispoñían de recollida separada (plásticos, metálicos...) supoñen un 11% dos residuos municipais, polo que é de esperar que as medidas postas en marcha posibiliten a súa separación en orixe.

Finalmente, o índice de recuperación de residuos perigosos é ínfimo, polo que debe ser mellorado, xa que supoñen un serio problema ao ser xestionados conxuntamente cos residuos non perigosos.

Afondando máis nos desvíos de materiais, amósase a continuación de forma gráfica o destino que están a seguir cada unha das fraccións de residuos descritas.




Figura 16. Desvío das diferentes fraccións dos residuos municipais cara as recollidas existentes.

Para unha maior claridade, elimináronse da gráfica anterior aquelas liñas que representan menos dun 1% do residuo de partida, agás cando o seu destino é unha das recollidas solicitadas para o mesmo.

Obsérvase que, a pesar do elevado número de recollidas separadas existente no Concello da Coruña, a maior parte dos residuos que deberan xestionarse a través das mesmas están sendo depositados nos colectores destinados á fracción inorgánica. Deste xeito, o 61% dos residuos orgánicos xerados son xestionados a través destes colectores, así coma o 66% do papel e cartón, o 39% dos envases de vidro ou o 74% dos residuos téxtiles. Tamén son o destino da maior parte dos residuos perigosos xestionados (un 90% do total).

En canto aos envases que non dispoñían de recollida separada (plásticos, metálicos...), o 85% dos mesmos estaban ata o momento sendo xestionados a través da fracción inorgánica, cun 9% adicional depositado na recollida da fracción orgánica.

3.4.4 Xestión final dos residuos municipais

Como xa se sinalou, a maior parte dos residuos municipais xerados no concello da Coruña son xestionados a través da planta de tratamento de residuos de Nostián, en concreto un 97% do total. Amósase a continuación o balance total da xestión dos residuos municipais do Concello da Coruña do ano 2023, con todos os condicionantes sinalados ata o momento no Plan.

Entradas	Saídas		
100.949,32 t	Materiais recuperados	43.262,10 t	42,86%
	Rexeites a vertido	46.109,50 t	45,68%
	Perdas ⁽¹⁾	11.577,72 t	11,47%
⁽¹⁾ Perdas de masa debidas á transformación da fracción orgánica durante o proceso de tratamento.			

Táboa 21. Xestión dos residuos municipais do Concello da Coruña en 2023.

As cifras indicadas para os materiais recuperados corresponden á entrada nos xestores autorizados de destino, non dispoñendo de información sobre a porcentaxe de rexeites dos mesmos. Detállanse a continuación os materiais recuperados a partir dos residuos municipais do Concello da Coruña.

Recollida	Cantidade 2023 (t)
Envases plásticos	5.660,85
Brick	405,73
Envases metálicos	816,55
Envases vidro	3.844,80
Papel e cartón	5.551,89
Envases de madeira	1.349,38
Podas	2.840,98
Aceite vexetal usado	94,54
Sandach	180,93
Residuos téxtiles	920,21
RAEE	457,08
Metais non envase	513,54
Madeira non envase	2.462,81
Voluminosos	2.010,60
Pilas e outros residuos perigosos	55,82
Outros residuos non perigosos	34,90
Lodos de dixestión	16.060,72
Compost	0,77
Total	43.262,10

Táboa 22. Materiais recuperados ou enviados a xestor a partir dos residuos municipais 2023.

A partir dos datos analizados, o 43% dos residuos de papel, metais, vidro, plástico, biorresíduos e outras fraccións reciclables de orixe doméstica e comercial xestionados polos servizos municipais é destinado ao seu reciclado, quedando por debaixo do obxectivo marcado pola lei estatal de residuos para o ano 2025 no que se solicita un mínimo do 55% en peso para a reutilización e a reciclaxe dos residuos municipais; correspondendo como pouco un 5% en peso á preparación para a reutilización.

En relación cos residuos de envases, pode estimarse que o 47% dos envases xerados no termo municipal son enviados a xestor autorizado para a súa reciclaxe, por debaixo igualmente do obxectivo fixado pola normativa ao respecto para o ano 2025. Sen embargo, o cumprimento é desigual para cada tipo de envase, segundo se pode ver a continuación:

Material contido nos residuos de envases	% en peso	Obxectivos ⁽¹⁾	
		2025	2035
Plásticos	64%	50%	55%
Madeira	0%	25%	30%
Metais ferrosos	73%	70%	80%
Aluminio	29%	50%	60%
Vidro	56%	70%	75%
Papel e cartón	27%	75%	85%
Total envases	47%	65%	70%
⁽¹⁾ Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases e Regulamento (UE) 2025/40 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de decembro de 2024, sobre os envases e residuos de envases, polo que se modifican o Regulamento (UE) 2019/1020 e a Directiva (UE) 2019/904 e se derroga a Directiva 94/62/CE.			

Táboa 23. Porcentaxes de reciclado dos materiais dos envases.

Así, mentres os plásticos ou metais ferrosos de envases superan claramente os obxectivos para 2025, o resto de materiais precisan de medidas encamiñadas á súa recuperación. Estes resultados prodúcense nun momento no que a maior parte dos materiais anteriores non dispoñen de recollida separada e as instalacións da planta de tratamento de Nostián se atopan pendentes de actualización.

3.5 Indicadores de situación actual

De seguido preséntanse os principais indicadores que dan conta da situación actual, no que a aspectos sociodemográficos e de xestión de residuos se refire:

Indicador	Valor
Poboación (2023)	247.376
Densidade de poboación	6.371 hab/km ² , moi elevada
Media de idade	47,39 anos
Poboación > 64 anos	25%
Distribución da poboación no territorio	A densidade de poboación varía entre os diferentes distritos da cidade, oscilando entre os 57.900 hab/km ² da Agra do Orzán aos 1.000 hab/km ² dos distritos 9 e 10.
Actividades económicas principais	Sector servizos, a súa maioría de pequeno tamaño.
Influencia turística / variación poboacional	O concello recibe aprox. 9.300 habitantes equivalentes a diario por mor do traballo ou os estudos. Ademais, recibiu en 2023 máis de 1.100.000 visitantes, que supoñen entre agosto e outubro uns 4.300 visitantes/día. Aínda que a recollida de residuos non amosa unha marcada compoñente estacional, si se despraza nas épocas de maior afluencia de visitantes a xeración de residuos a áreas máis turísticas.
Fraccións recollidas ou xestionadas de forma separada polo Concello	Fracción inorgánica Fracción orgánica Papel-cartón Envases de vidro Envases lixeiros Residuos voluminosos RAEE Pilas Aceite de cociña usado Sandach Téxtiles Animais mortos Vehículos abandonados Puntos limpos, punto limpo móbil e minipuntos limpos: residuos perigosos do fogar, RAEE, fracción verde, voluminosos,... Recente implantación da recollida separada de envases lixeiros.
Medios para a compostaxe en orixe	Catro composteiros comunitarios en Novo Mesoiro, Castrillón, Eirís e Monte Alto. Un número indeterminado de composteiros individuais. Non se controla nin inspecciona o seu estado ou a súa utilización.
Rateos de contenerización	Superiores ás rateos de referencia para todas as fraccións selectivas agás os residuos téxtiles. 18 litros/habitante para a fracción inorgánica.
Cantidade de residuos xestionados	104.704,50 t
Xeración per cápita de residuos municipais	408,25 kg/ano; 1,12 kg/hab día

Indicador	Valor
Evolución da xeración per cápita de residuos municipais	Tendencia descendente, variación media anual -2,7%
Porcentaxe de recollida separada de residuos municipais	16%
Recollida separada por fraccións, porcentaxe e evolución	Fracción orgánica: 68 kg/hab, en descenso Papel e cartón: 20,11 kg/hab, estancada Envases de vidro: 15,60 kg/hab, estancada Residuos téxtiles: 3,72 kg/hab, en aumento Aceite usado: 0,38 kg/hab, en descenso Pilas: 0,04 kg/hab, en descenso Voluminosos: 10,01 kg/hab, en aumento RAEE: 1,76 kg/hab, en descenso Fracción verde: 12,43 kg/hab, en aumento Outros residuos perigosos: 0,17 kg/hab, en aumento Outros residuos non perigosos: 16,25 kg/hab, en descenso
Porcentaxes de captura neta por materiais	35% dos biorresiduos 27% do papel e cartón 56% dos envases de vidro 0% dos envases de plástico, latas ou briks 19% dos residuos téxtiles 38% dos RAEE 4% dos outros residuos perigosos do fogar
Porcentaxe de impropios da fracción orgánica	27% de impropios, calidade insuficiente para ser considerada recollida separada.
Outros	Realización habitual de campañas de concienciación segmentadas e de educación ambiental Licitación do servizo de recollida pendente, servizo en prórroga. Ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria sen adaptar ás esixencias da lei de residuos (Lei 7/2022).

Táboa 24. Principais indicadores da diagnose da situación actual do Concello da Coruña.

3.6 DAFO

Debilidades	Ameazas
Baixa taxa de recollida separada, incluso en fraccións amplamente asentadas no territorio municipal, como a fracción orgánica, os envases de vidro ou o papel e cartón.	Non cumprimento dos obxectivos de recollida separada ou reciclaxe e preparación para a reutilización para o ano 2025.
Baixas porcentaxes de captura neta por materiais, sendo a maior parte dos residuos que dispoñen de recollida selectiva depositados nos colectores da fracción inorgánica.	Elevado número de colectores nas vías públicas (278 cont/km ²), nunha cidade con elevada densidade poboacional e de vehículos e escaseza de solo dispoñible, condicionado por un modelo baseado na CT, coa posibilidade de axustar dotación para téxtil ou outros residuos.
Descenso da participación na recollida selectiva da fracción orgánica, cun elevado índice de impropios da mesma. Recollidas de papel-cartón ou envases de vidro estancadas.	Elevada presenza de visitantes, tanto por actividades habituais coma por turismo, que condicionan o funcionamento dos sistemas de recollida de residuos.
Non existencia de iniciativas para mellorar os índices de preparación para a reutilización	Elevado e continuo número de eventos que aumentan a presión en determinadas áreas, dificultando os sistemas de recollida de residuos.
Instalacións de tratamento municipais non adaptadas á nova normativa de residuos, cun elevado índice de rexeites da planta de tratamento destinados a vertedoiro.	
Dependencia de xestores externos para a xestión dos rexeites da PTRU de Nostián, coas consecuencias económicas que supón para o sistema.	
Preponderancia de edificios en altura, que limitan a posibilidade da compostaxe doméstica.	
Recollida conxunta de residuos industriais cos residuos municipais, mediante recollidas en beirarrúa, porta a porta e con dous puntos limpos para residuos industriais.	

Debilidades	Ameazas
Non existencia de información sobre a xestión privada de residuos comerciais e asimilables a domésticos procedentes das industrias ou a xestión privada de residuos domésticos. Dificultade de acceso á diferente información da xestión dos residuos. Falta de control e inspección sobre a compostaxe domiciliaria, descoñecendo a súa continuidade e resultados.	
Fortalezas	Oportunidades
Existencia de persoal técnico específico para a área de medio ambiente. Profundo coñecemento da realidade da xestión dos residuos de competencia municipal. Xeración per cápita de residuos decrecente, aínda nun contexto de aumento da renda bruta por persoa. Existencia de recollidas porta a porta en grandes produtores, aínda que insuficientes. Amplo coñecemento na poboación da recollida da fracción orgánica. Gran número de fraccións recollidas selectivamente, atendendo a todas as obrigas recollidas na normativa. Elevada recuperación de materiais na planta de tratamento de residuos de Nostián. Programa de instalación de compostaxe comunitaria en marcha e en proceso de ampliación.	Contexto normativo favorable cara a implantación de modelos de pago por xeración. Actualización da ordenanza de xestión de residuos municipais, para a súa adaptación á recente normativa. Contexto normativo favorable cara a adaptación da ordenanza fiscal para que a taxa non sexa deficitaria. Renovación das instalacións da planta de tratamento de residuos de Nostián, así como a licitación do contrato de concesión de servizos para a súa explotación. Nova licitación do servizo de recollida de residuos. Elevada concentración da poboación, que facilita a optimización de servizos. Implantación dun sistema de separación en orixe dos envases que ata o momento non contaban con el. Xestión conxunta das principais fraccións de residuos co Consorcio As Mariñas, o que posibilita a mellor xestión da planta de tratamento.

4 PROGNOSE

Como se observou durante a diagnose, a xeración per cápita de residuos no Concello da Coruña non se atopa directamente vinculada ao desenvolvemento económico dos seus habitantes, xa que mentres as rendas económicas seguen a aumentar a xeración de residuos foi descendendo nos últimos anos.




Figura 17. Evolución da renda bruta e da xeración per cápita no Concello da Coruña, 2018-2022

Por este motivo, a xeración dos residuos, e a súa composición, van a verse influenciados principalmente pola evolución da poboación e os cumprimentos normativos e os que se desprendan do presente plan.

4.1 Proxección da poboación

En relación ás previsións de evolución da poboación, téñense en conta consideración das proxeccións de poboación a curto prazo elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) do período 2024 a 2039, aplicando ao Concello da Coruña a porcentaxe de variación da bisbarra de A Coruña.

Deste xeito, as previsións indican que se pasaría unha poboación de 247.350 habitantes en 2023 a 261.843 en 2030, o que supón un incremento global do 5,9%. Este aumento de poboación vén acompañado sen embargo cunha maior taxa de envellecemento co aumento da esperanza de vida e o descenso da natalidade, en liña co resto da comunidade galega.

4.2 Escenario base

Para o cálculo da previsión de xeración de residuos ata 2030, estimouse a proxección esperada na xeración de residuos para cada unha das fraccións actualmente recollidas, tomando como base de partida os datos de xeración e recollida aquí analizados e a súa evolución para o período 2018-2023. Así, supúxose unha progresión anual lineal das cifras de recollida per cápita para cada unha das fraccións, considerando a proxección da poboación definida para o período 2025-2030, asumindo o resto como recollida indiferenciada.

Deste xeito, resultan as seguintes cantidades, previstas para cada fracción considerada ata 2030.

	2025	2026	2027	2028	2029	2030
Poboación	252.306	254.656	256.823	258.746	260.413	261.843
Residuos municipais (t)	100.992	101.069	101.057	100.936	100.702	100.366
kg/hab ano	400,28	396,88	393,49	390,10	386,70	383,31

Táboa 25. Hipótese de evolución da xeración de residuos municipais segundo a situación do período 2018-2023 e a proxección da poboación do IGE.

Á vista das cifras anteriores, a redución da xeración de residuos per cápita acadaría un 10% respecto a 2018. Sen embargo, en 2030 os resultados no cumprimento dos obxectivos de recollida separada seguirían lonxe de cumprirse.

Recollida	Cantidade 2030 (t)	% dos residuos municipais
Fracción orgánica	14.496	14%
Papel e cartón	3.737	4%
Envases lixeiros	3.074	3%
Envases de vidro	4.227	4%
Voluminosos	2.221	2%
Puntos limpos	8.854	9%
Outras recollidas separadas	4.075	4%
Recollidas indiferenciadas	59.681	59%
Total	100.366	100%

Táboa 26. Hipótese da situación das recollidas separadas en 2030 segundo a situación do período 2018-2023.

Só o 41% dos residuos municipais do Concello da Coruña serían recollidos separadamente, cifra que sería menor de non acadar a fracción orgánica menos dun 15% de impropios, segundo o esixido.

Do mesmo xeito, con estas recollidas tamén sería difícil de acadar o obxectivo do 60% na taxa de reutilización e reciclaxe dos residuos municipais ou o 20% máximo de vertido en 2030.

Por tanto, resulta necesario, como se observou tras da diagnose realizada, establecer un escenario de cambio que permita modificar a dinámica existente e dar cumprimento a todas as obrigas legais existentes.

4.3 Escenario obxectivo

A base para establecer o escenario obxectivo é o cumprimento da lexislación vixente no relativo á recollida separada, reutilización e reciclado e índice de vertido. Co obxecto de compensar a imposibilidade de calcular indicadores con relación a 2010, establécese neste plan un obxectivo de redución da xeración per cápita dos residuos municipais para 2030 dun 10% respecto de 2018. Co fin de avaliar a evolución deste cumprimento, establécese para 2027 unha redución dun 6%.

	2027	2030
Poboación	256.823	261.843
Residuos municipais (t)	102.947	100.493
kg/hab ano	400,85	383,79

Táboa 27. Hipótese da xeración de residuos municipais no escenario obxectivo.

A continuación, procede establecer obxectivos de recollida de cada unha das principais fraccións, que se aliñen non só cos obxectivos de prevención indicados, senón tamén con:

- Obxectivos legais de redución per cápita de residuos de envases.
- Obxectivos legais de reciclado e preparación para a reutilización.
- Obxectivo legal de porcentaxe máximo de impropios nos biorresiduos, así como manter a porcentaxe de impropios dos envases lixeiros por debaixo do 20% en 2030.

Ademais, partindo da actual composición dos residuos municipais e dos valores actuais de recollida selectiva neta, foron definidos os seguintes obxectivos de recollida separada neta por fraccións para o ano 2030:

Recollida	% recollido selectivamente 2030
Fracción orgánica	60%
Papel e cartón	70%
Envases lixeiros	45%
Envases de vidro	70%
Residuos téxtiles	40%

Táboa 28. Porcentaxes de recollida selectiva neta por fraccións no escenario obxectivo.

Ademais, no resto de fraccións recollidas selectivamente tamén se contemplaron aumentos sobre as actuais, ata configurar o seguinte escenario.

Recollida	2027		2030	
	Cantidade (t)	% dos residuos municipais	Cantidade (t)	% dos residuos municipais
Fracción orgánica	22.302	22%	26.769	27%
Papel e cartón	9.378	9%	12.903	13%
Envases lixeiros	3.282	3%	6.565	7%
Envases de vidro	4.483	4%	4.957	5%
Voluminosos	1.712	2%	1.720	2%
Puntos limpos	7.855	8%	8.459	8%
Outras recollidas separadas	3.805	4%	4.224	4%
Recollidas indiferenciadas	50.129	49%	34.896	35%
Total	102.947	100%	100.493	100%

Táboa 29. Hipótese da situación das recollidas separadas en 2027 e 2030 no escenario obxectivo.

Deste xeito, a recollida separada acadaría o 65% dos residuos municipais en 2030, cun punto de revisión en 2027, entorno ao 50% da recollida separada.

Ademais, os obxectivos de índices de recollida selectiva neta e porcentaxes de improprios sentan as bases para o cumprimento das taxas de reciclaxe e preparación para a reutilización e para a redución do vertido. Sen embargo, para iso será imprescindible pór en marcha un plan de infraestruturas do concello que permita completar o traballo realizado polos seus habitantes.

5 PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

5.1 Principios reitores e liñas estratéxicas

A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular establece como principios da política de residuos:

- A protección da saúde humana e o medio ambiente.
- A aplicación da xerarquía de residuos.
- A autosuficiencia e proximidade.
- O acceso á información e participación en materia de residuos.
- A transparencia nos custes de xestión dos residuos e o principio de quen contamina, paga.

Estes principios serán aplicados en todas as medidas a adoptar no presente plan, establecéndose liñas estratéxicas que posteriormente serán desenvoltas en cada un dos programas.

A principal liña estratéxica a seguir no municipio é levar a cabo a xestión dos residuos municipais aplicando efectivamente o principio de xerarquía de residuos, primando a súa prevención (redución), a preparación para a reutilización e o reciclaxe de residuos, reducindo na medida do posible a dependencia do vertido existente na actualidade. Como paso imprescindible, está en marcha todo o procedemento necesario para renovar as instalacións da planta de tratamento de residuos de Nostión, así como licitar o contrato de concesión de servizos para a súa explotación.

A prevención de residuos é o primeiro paso da xerarquía de xestión de residuos, proporcionando beneficios ambientais, económicos debido á redución do uso de recursos e redución de custos asociados á xestión de residuos. A Lei 7/2022, de 8 de abril, establece como finalidade a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión.

Porén, a política local tamén debe actuar sobre o resto de ámbitos establecidos pola xerarquía de residuos sobre a xestión dos residuos municipais, como a preparación para a reutilización ou a reciclaxe.

Para mellorar a xestión dos residuos municipais será necesario fomentar a implicación dos axentes económicos e sociais en xeral e dos cidadáns en particular para concienciar sobre a necesidade de xeneralizar a aplicación do principio de xerarquía de residuos. Tamén é importante comunicar os resultados, con transparencia na xestión dos residuos realizada polo Concello e os custos que supón, facendo que o cidadán sexa solidariamente responsable para conseguir a súa participación nos sistemas de recollida e na prevención mediante a asunción dun comportamento de consumo

responsable. Con este fin, faise imprescindible mellorar o coñecemento e a información dispoñible sobre a xestión de residuos realizada no termo municipal.

Do mesmo xeito, é preciso levar a cabo actuacións que rematen coa posta en marcha dunha fiscalidade acorde á nova lexislación, na que se repercute ao produtor o custe da xestión dos seus residuos acorde ao principio de quen contamina paga.

LIÑAS ESTRATÉXICAS	
LE1	Reducir a xeración de residuos municipais no termo municipal de A Coruña.
LE2	Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.
LE3	Mellora da calidade das recollidas separadas.
LE4	Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.
LE5	Minimización dos residuos xestionados mediante vertido.

5.2 Obxectivos

A continuación, establécense os obxectivos cualitativos e cuantitativos asociados a cada unha das liñas estratéxicas do Plan.

LE1 Reducir a xeración de residuos municipais no termo municipal de A Coruña.

- ☒ Obxectivo de redución: Para contribuír aos obxectivos de prevención establecidos na Lei 7/2022, establécese como obxectivo a redución dun 10% da xeración per cápita de residuos municipais para o ano 2030, respecto do ano 2018. Defínese ademais un obxectivo intermedio para 2027, dun 6% de redución da xeración per cápita de residuos municipais respecto do ano 2018.
- ☒ Redución de residuos de envases. Dado que na actualidade xa se superou o obxectivo fixado polo Regulamento UE 2025/40 sobre envases e residuos de envases para 2030, propónse como obxectivo para 2030 o previsto para 2035, reducir un 10% os residuos de envases xerados per cápita con respecto aos residuos de envases xerados per cápita en 2018. Para avaliar o avance deste obxectivo, establécese ademais un obxectivo de redución dun 8% dos residuos de envases xerados per cápita en 2027 con respecto ao 2018.

LE2 Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.

- ☒ Aumento das cantidades recollidas selectivamente, co obxectivo de contribuír ao cumprimento dos obxectivos establecidos na normativa galega e estatal para a súa recollida separada. Así, propónse acadar un 60% dos residuos municipais recollidos separadamente para 2030, cun obxectivo intermedio do 50% para 2027.

Ademais, propónse acadar para 2030 as seguintes porcentaxes de recollida separada por fraccións:

- Recuperación mediante a súa recollida separada do 60% dos biorresíduos xerados.
 - Recuperación mediante a súa recollida separada do 70% do papel e cartón xerados.
 - Recuperación mediante a súa recollida separada do 45% dos envases lixeiros xerados.
 - Recuperación mediante a súa recollida separada do 70% dos envases de vidro xerados.
 - Recuperación mediante a súa recollida separada do 40% dos residuos téxtiles xerados.
- ☒ Aumentar a preparación para a reutilización ata acadar en 2030 un 10% da preparación para a reutilización do total de residuos municipais xestionados, cun obxectivo intermedio do 5% para 2027.
- ☒ Aumentar a reciclaxe ata acadar en 2030 un 50% do total dos residuos municipais xestionados, cun obxectivo intermedio do 47% para 2027.
- ☒ Posta en marcha dun centro municipal de preparación para a reutilización e a autorreparación.
- ☒ Aumentar a reciclaxe de residuos de envases en converxencia aos obxectivos da normativa sobre envases e residuos de envases. Propónse como obxectivo acadar un 60% da reciclaxe de residuos de envases dos residuos municipais para 2030, cun obxectivo intermedio do 55% para 2027.

Ademais, propónse acadar para 2030 as seguintes porcentaxes de reciclaxe de materiais contidos nos residuos de envases dos residuos municipais:

- Reciclado do 70% do plástico contido nos residuos de envases.
 - Reciclado do 20% da madeira contida nos residuos de envases.
 - Reciclado do 80% dos metais ferrosos contidos nos residuos de envases.
 - Reciclado do 50% do aluminio contido nos residuos de envases.
 - Reciclado do 70% do vidro contido nos residuos de envases.
 - Reciclado do 70% do papel e cartón contido nos residuos de envases.

LE3 Mellora da calidade das recollidas separadas

- ☒ Reducir a presenza de impropios na fracción orgánica atendendo ao establecido na normativa en vigor, permitindo a súa mellor valorización posterior e a súa contabilización como recollida separada. Os impropios deben estar por debaixo do 15% en 2027, ata acadar un 10% de impropios en 2030.
- ☒ Manter a porcentaxe de impropios nos envases lixeiros por debaixo do 25% ata 2027 e por debaixo do 20% en 2030.

LE4 Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.

- ☒ Fomentar o coñecemento dos custes de recollida e tratamento dos residuos.
- ☒ Modificación ou axuste da ordenanza fiscal á norma, adaptando as taxas á cantidade real de residuos xerados ou incentivando a segregación en orixe e a redución de residuos.
- ☒ Redacción dunha nova ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria adaptada á normativa actual, incluíndo os cambios necesarios detectados neste plan.
- ☒ Pór en marcha medidas destinadas á eliminación dos fluxos de residuos industriais da xestión realizada polo Concello da Coruña.
- ☒ Segregación dos fluxos comerciais dos residuos domésticos.

LE5 Minimización dos residuos xestionados mediante vertido.

- ☒ Diminuír o vertido dos residuos municipais xerados en converxencia ao obxectivo do RD 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, fixado nun máximo do 20% antes do 1 de xaneiro de 2030.

5.3 Programas de actuación

Para a consecución dos obxectivos sinalados, será necesario desenvolver actividades en todos os ámbitos, programando a implantación de medidas para conseguilos. A continuación desenvólvense cada un dos programas municipais en materia de xestión de residuos municipais.

5.3.1 Programa de prevención

- ☒ Prevención do desperdicio alimentario:
 - Implicación do sector da hostalería e restauración mediante convenio de compromiso para a redución dos desperdicios e fomento de prácticas e procedementos que vaian nesa liña.

- Sinatura dun convenio cos mercados municipais para a redución dos desperdicios alimentarios.
- Organización de talleres de cociña con sobras de comida.
- Fomentar a posta en marcha entre os locais de hostalería da "última hora" previa ao horario de peche, para distribución de pinchos e tapas a un prezo reducido, dando saída a alimentos que puidesen converterse en residuo.
- Impulsar a distribución de alimentos en bo estado pero non vendibles do comercio polo miúdo (data de deterioro próxima, capacidade de almacenamento, etc.) noutros eidos: comedores sociais, albergues, banco de alimentos, etc.

☒ Consumo responsable:

- Posta en marcha de centros e espazos habilitados para a autorreparación por parte dos usuarios: bicicletas, patinetes, roupa, xoguetes..., onde o usuario puidera pór a punto os seus bens utilizando medios facilitados polo Concello.
- Posta en marcha unha plataforma de intercambio de materiais ou produtos de segunda man, co fin de evitar o fin de ciclo de bens en perfecto estado.
- Pór en marcha mercados de troco de bens e apoio á realización de mercados de compra e venda de artigos usados.
- Fomentar a utilización de produtos reutilizables na organización de eventos públicos: vasos, botellas...
- Impulso aos envases retornables na canle HORECA.
- Incorporar medidas económicas e/ou fiscais que apoien as actividades de reparación.

5.3.2 Programa de preparación para a reutilización

- ☒ Creación de centros de preparación para reutilización, ben nos puntos limpos ben nos centros de autorreparación, mediante acordos con empresas de inserción, impulsando a posta no mercado dos produtos resultantes.
- ☒ Apoio ás asociacións sen ánimo de lucro e empresas de inserción dedicadas ao baleirado de vivendas, reparación, restauración e venda de artigos e mobles usados.
- ☒ Formalizar convenios de colaboración con outras entidades que dispoñan dos recursos materiais e humanos para desenvolver actividades de preparación para reutilización.
- ☒ Incorporación de medidas para a mellora da recollida e do estado dos artigos recollidos polos servizos de RAEE e voluminosos.

5.3.3 Programa de control da calidade das recollidas

- ⊗ Realización de campañas de caracterización sobre as diferentes fraccións recollidas, para controlar a evolución das diferentes medidas contempladas no Plan e poñer en marcha medidas para corrixir as desviacións detectadas, así como para revisar a posibilidade de modificacións nos convenios cos SRAP.
- ⊗ Implantación progresiva de sistemas de identificación de usuario nos colectores de recollida separada, para permitir políticas de incentivos fiscais a usuarios domésticos.
- ⊗ Mellora dos medios de depósito das recollidas separadas, para garantir o axeitado uso dos mesmos e facilitar a participación cidadá.
- ⊗ Mellora do control da execución dos servizos de recollida para centralizar e automatizar a información dispoñible sobre a recollida de residuos municipais.
- ⊗ Informatización das recollidas mediante a implantación progresiva de sensores de enchido en determinados colectores, permitindo adaptar as frecuencias de recollida ás necesidades reais.

5.3.4 Programa de recollida separada da fracción orgánica

- ⊗ Pór en marcha unha recollida diferenciada dos residuos orgánicos dos grandes xeradores, para eliminar este fluxo da canle convencional: bares, cafeterías, restaurantes, supermercados, comercios de produtos frescos, florerías, centros con comedores colectivos...
- ⊗ Incluír na futura Ordenanza de Residuos a obrigatoriedade de cooperación activa por parte dos grandes produtores na recollida selectiva de biorresiduos, así como a de controlar a calidade da súa aportación.
- ⊗ Realizar un seguimento que garanta a axeitada segregación dos biorresiduos dos grandes xeradores: mercados municipais, mercado central de froita, grandes supermercados.
- ⊗ Implantación da recollida de residuos procedentes de xardíns e podas previa solicitude na temporada de máxima xeración.
- ⊗ Garantir que as empresas concesionarias do servizo de mantemento de xardíns e zonas verdes realicen un traballo exemplar na segregación dos biorresiduos, co obxecto de obter unha fracción verde cun baixo nivel de impropios.
- ⊗ Fomento da compostaxe doméstica, aumentando a rede de composteiros domésticos existente tanto a usuarios domésticos coma a centros educativos ou outras entidades de interese.

- ☒ Realizar un seguimento que permita o control da compostaxe doméstica, co obxecto de determinar a súa axeitada implantación e evolución, para a súa incorporación para o cumprimento de obxectivos e o establecemento de beneficios fiscais.
- ☒ Aumento da compostaxe comunitaria dos residuos orgánicos mediante a ampliación da rede de composteiros comunitarios.
- ☒ Realizar un seguimento que permita o control dos usuarios da compostaxe comunitaria, co obxecto de determinar a súa utilización, para a súa incorporación para o cumprimento de obxectivos e o establecemento de beneficios fiscais.

5.3.5 Programa de recollida separada de papel-cartón e envases de vidro

- ☒ Ampliar a recollida porta a porta de grandes produtores de papel e cartón a outras áreas comerciais nas que tamén se xustifique a súa posta en marcha, evitando o seu depósito nos contedores convencionais e mellorando o aspecto da vía pública.
- ☒ Do mesmo xeito, ampliar a recollida porta a porta a grandes produtores de envases de vidro a outras áreas nas que tamén se xustifique a súa posta en marcha.
- ☒ Incluír na futura Ordenanza de Residuos a obrigatoriedade de cooperación activa por parte dos grandes produtores nas recollidas selectivas específicas de papel-cartón e envases de vidro.
- ☒ Controlar o depósito de papel e cartón en áreas sen porta a porta, para evitar o seu depósito en colectores non específicos desta fracción.
- ☒ Adaptación dos convenios asinados cos SRAP para dar cumprimento ao novo marco normativo comunitario, estatal e autonómico.

5.3.6 Programa de aumento de outras recollidas separadas

- ☒ Melloras nos puntos limpos. Aumentar a súa capacidade. Incrementar os medios de vixilancia para garantir a seguridade e evitar roubos e vandalismos. Persoal de seguridade 24 horas e/ou videovixilancia.
- ☒ Ampliar o horario e localizacións dos puntos móbiles, incorporando os centros educativos, centros cívicos ou entidades deportivas.
- ☒ Aumento da rede de minipuntos limpos existentes, dada a súa boa acollida pola poboación.

- ☒ Debido á periférica localización dos puntos limpos fixos, instalación de puntos limpos de proximidade en mercados municipais, centros cívicos, instalacións deportivas e outras localizacións, onde se poidan depositar residuos perigosos e outros residuos de recollida selectiva.
- ☒ Ampliación e consolidación da recollida de envases lixeiros, para contribuír ao cumprimento de obxectivos.
- ☒ Estudar a necesidade de pór en marcha dunha recollida porta a porta de grandes produtores de envases lixeiros.
- ☒ Incluír na futura Ordenanza de Resíduos a obrigatoriedade de cooperación activa por parte dos grandes produtores na recollida selectiva específica de envases lixeiros.
- ☒ Consolidar a recollida selectiva de residuos en eventos estudando a colocación de colectores específicos para cada fracción a xerar e contando con voluntariado que colabora na mellora da separación.
- ☒ Plan de choque para a limpeza e recollida en zonas e momentos de máxima afluencia.
- ☒ Aumento do número de colectores de roupa existentes ata acadar unha rateo axeitada tecnicamente.
- ☒ Fomento do depósito de residuos téxtiles en puntos limpos e outros espazos, segundo o que se defina nos convenios cos SRAP, para incrementar considerablemente a cantidade recollida a través destes puntos.
- ☒ Aumento do número de colectores de aceites usados existentes ata acadar unha rateo axeitada ás necesidades existentes.
- ☒ Estudiar a posta en marcha dun sistema de recollida porta a porta de voluminosos para xeradores domiciliarios.
- ☒ Adaptación dos convenios asinados cos SRAP para dar cumprimento ao novo marco normativo comunitario, estatal e autonómico.
- ☒ Racionalización da distribución e concentración dos colectores en áreas de aportación para evitar a súa atomización.

5.3.7 Programa de transparencia e corresponsabilidade

- ☒ Posta en marcha dunha plataforma-repositorio de datos que recolla toda a información relativa aos residuos municipais, incluso aqueles de difícil cuantificación, agrupando os datos do Concello da Coruña como os datos con orixe en SCRAP ou entidades privadas.

- ☒ Desenvolvemento dunha plataforma ou procedemento que permita aos produtores de residuos comerciais non perigosos e aos produtores de residuos domésticos xerados nas industrias acreditar a axeitada xestión dos mesmos ante o Concello da Coruña, conforme ao solicitado pola lexislación en vigor, centralizando e organizando a información actualmente recibida.
- ☒ Controlar a xestión de aceites domésticos de competencia municipal a través doutras canles (HORECA).
- ☒ Interlocución cos novos SCRAP de residuos téxtiles e aceites domésticos usados para obter información sobre os residuos municipais xestionados a través doutras canles.
- ☒ Publicar e difundir anualmente un informe resumo cos resultados da xestión de residuos realizados, tanto no relativo a cifras de recollida ou xestión coma aos custes das mesmas.
- ☒ Segregación das recollidas dos fluxos de residuos doméstico e comercial.
- ☒ Posta en marcha de adaptacións para a eliminación dos fluxos de residuos industriais da xestión realizada polo Concello da Coruña. Control dos depósitos de residuos procedentes das actividades industriais nos puntos limpos.
- ☒ Redacción dunha nova ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria.
- ☒ Actualización de outra documentación con implicacións na xestión de residuos acorde ao PXR, á nova ordenanza e á Lei 7/2022 de residuos: convenios, acordos, puntos de información municipal, etc.
- ☒ Levar a cabo unha experiencia piloto de recollida porta a porta en zonas de vivendas unifamiliares, urbanizacións ou determinados barrios, que permita a súa avaliación e posibilidades de implantación de cara á posta en marcha de programas piloto de pago por xeración.
- ☒ Posta en marcha dun programa de incentivos fiscais ou doutro tipo pola colaboración á consecución dos obxectivos establecidos no PXR:
 - Establecementos colaboradores coas actuacións de prevención.
 - Establecementos participantes coas recollidas porta a porta de grandes xeradores.
 - Usuarios dos puntos limpos, centros de autorreparación, etc.
 - Participantes na compostaxe doméstica ou comunitaria.

5.3.8 Programa de redución do vertido

- ☒ Adecuación e mellora da Planta de tratamento de residuos urbanos de Nostián para garantir a sinerxía coa recollida e acadar os mellores resultados de reciclaxe e recuperación.
- ☒ Traballar con Zero Waste Europe para conseguir a certificación de Cidade Cero Residuos (Zero Waste Cities).
- ☒ Garantir que a empresa concesionaria do servizo de limpeza viaria realice un traballo exemplar na segregación dos seus residuos, de xeito que se poidan obter fraccións con mellores condicións para o seu tratamento posterior.
- ☒ Posta en marcha dunha recollida porta a porta dos residuos asimilables a domiciliarios xerados nos polígonos industriais, co fin de prestar o servizo, pero controlando as súas condicións para evitar o depósito de residuos que non son competencia municipal.

5.4 Plan de comunicación

A colaboración cidadá é un elemento fundamental para garantir o éxito de calquera estratexia de xestión de residuos que se implante. É preciso por tanto coa posta en marcha dun novo marco de xestión de residuos realizar accións intensivas de comunicación, sensibilización e educación para que todos os elementos implicados na xestión: consumidores, comercios, hostalería, industrias, etc. co fin de implicalos a adoptar ou modificar determinados comportamentos.

Nos últimos anos leváronse a cabo diversas accións relacionadas coa información e concienciación cidadá sobre a xestión de residuos: diferentes charlas e talleres informativos sobre o desperdicio alimentario e a xestión municipal dos residuos en centros educativos, campañas de comunicación e sensibilización sobre limpeza e residuos, participacións na Semana Europea de Prevención de Residuos (EWWR), difusión a través de campañas en redes sociais e prensa dixital ou as campañas e actividades realizadas polos SCRAP.

Tradicionalmente, as accións de comunicación e sensibilización foron realizadas poñendo o foco en áreas específicas. Porén, é preciso que todas as campañas que se asocien ao PXRМ estean coordinadas co obxectivo de aliar obxectivos, planificar e coordinar a súa execución, xestionar canles de comunicación, contidos e materiais e controlar o seu seguimento.

Por este motivo, propónse un programa de coordinación transversal de todas as actuacións en materia de información, sensibilización e formación vinculadas á prevención e xestión de residuos no conxunto do PXRМ, co fin de acadar os seguintes obxectivos:

- Fomento dos hábitos de consumo responsable.
- Aumento das cantidades e calidades dos residuos recollidos selectivamente.

- Incrementar a información que os usuarios teñen da xestión municipal dos residuos.
- Fomentar o coñecemento dos custes de recollida e tratamento dos residuos.

Como actuacións previstas no marco deste programa, contéplanse as seguintes:

- ☒ Realizar unha gran campaña informativa sobre os servizos prestados e os medios dispoñibles para a axeitada xestión dos residuos, sensibilizando sobre o tipo de residuos a depositar en cada contedor.
- ☒ Sensibilización sobre o desperdicio alimentario e compra responsable:
 - Realización de campañas de sensibilización, información e difusión sobre o valor dos alimentos, causas do desperdicio alimentario e xeito de reduci-lo.
 - Realización de campañas de educación e sensibilización sobre o desperdicio alimentario nos centros educativos.
 - Realización dunha campaña no comercio local para fomentar a utilización de envases reutilizables para a compra: bolsas de tea, carros de compra, e a compra a granel ou evitando a proliferación de envases dun só uso.
 - Realización de campañas de comunicación e sensibilización que incidan na importancia da reutilización dos residuos téxtiles, mobles, libros, etc.
 - Realizar unha campaña informativa da calidade da auga da traída municipal, para desincentivar o consumo de auga embotellada.
- ☒ Campaña informativa aos grandes produtores e hostaleiros para que se incorporen aos diferentes servizos de recollida porta a porta.
- ☒ Punto informativo/liña informativa aos grandes xeradores para informar sobre as recollidas porta a porta existentes.
- ☒ Complementando a posta en marcha dos composteiros comunitarios, actuacións de educación ambiental para o fomento da recollida separada de biorresiduos para a súa xestión posterior mediante a compostaxe comunitaria.
- ☒ Deseño de campañas de sensibilización e guías específicas sobre bos hábitos e segregación de residuos municipais, orientadas aos cruceiros, responsables dos establecementos turísticos e usuarios.
- ☒ Creación de aulas de formación e divulgación para a realización de actividades e talleres educativos, podendo compatibilizarse cos espazos de autorreparación e preparación para a reutilización.

- ☒ Complementando a incorporación dos centros educativos ou deportivos ás localizacións habituais do punto limpo móbil, realizar accións formativas incidindo na súa utilización por parte dos usuarios.
- ☒ Velar pola continuación, seguimento e avaliación das campañas e accións desenvolvidas sobre residuos coa finalidade de tomar as súas conclusións ás seguintes actuacións.
- ☒ Os convenios cos SRAP, novos ou revisados, integrarán as campañas de información e sensibilización de xeito que se observe unha uniformidade nas campañas realizadas con independencia do promotor, non centrándose de xeito exclusivo nun residuo, senón complementando a imaxe de xestión municipal.
- ☒ Posta a disposición da cidadanía de toda a información relevante da xestión dos residuos municipais realizada, tanto no relativo a cifras de recollida ou xestión coma aos custes das mesmas.
- ☒ Realización de enquisas e entrevistas ao cidadán para valorar o seu grado de coñecemento das actuacións en materia de xestión de residuos levadas a cabo polo Concello da Coruña.

5.5 Plan de infraestruturas

O plan de infraestruturas contemplado neste documento parte da necesidade de actualizar e preparar as instalacións xa existentes para adaptalas aos novos requirimentos normativos e aos obxectivos establecidos neste plan.

No capítulo 2.4.2 foi revisado o estado das infraestruturas municipais existentes, puntos limpos e PTRU de Nostián. Por outra parte, ao longo da diagnose foron detectadas as necesidades de infraestruturas existentes. Amósanse neste capítulo tódalas actuacións necesarias para a preparación e / ou construción das instalacións necesarias para a consecución dos obxectivos do presente programa municipal de xestión de residuos.

5.5.1 Planta de tratamento de residuos urbanos de Nostián

Na actualidade, a PTRU de Nostián trata todos os residuos do municipio da Coruña e o Consorcio As Mariñas, estando o tratamento dos rexeites externalizado dende 2007, ao rematar a dispoñibilidade do vertedoiro propio. As instalacións actuais ademais de obsoletas enfróntanse a unha serie de condicionantes que se deben resolver:

- Dar cabida á nova recollida dos envases lixeiros posta en marcha en ambos territorios.
- Garantir o cumprimento dos obxectivos de preparación para a reutilización e reciclado establecidos na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha

economía circular. A este respecto, é importante sinalar que o artigo 11 bis.4. establece que a partir do 1 de xaneiro de 2027, os Estados Membros só poderán contabilizar como reciclaxe os biorresiduos municipais que se sometan a un tratamento aerobio ou anaerobio se foron recollidos separadamente.

Deste xeito, o bioestabilizado actualmente producido e destinado a operacións de valorización non poderá ser computado á hora de realizar este cálculo.

- Reducir o índice de vertido, segundo o establecido no Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, que regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. Nesta norma establécese un límite máximo de vertido do 20% dos residuos municipais para 2030 e do 10% para 2035.

Co fin de adaptar a PTRU de Nostián ás novas esixencias, foi redactado un anteproxecto en decembro de 2022 no que se presenta a solución adoptada en canto ao futuro tratamento a realizar a cada tipoloxía de residuo recibida:

- Fracción resto: tratarase na liña de tratamento compartida de envases lixeiros, fracción resto e fracción orgánica, clasificando e seleccionando os materiais reciclables e procedendo a valorizar enerxeticamente a fracción orgánica presente nos mesmos mediante os sistemas de biometanización existentes.
- Fracción orgánica: tratarase na liña de tratamento compartida de envases lixeiros, fracción resto e fracción orgánica, clasificando e seleccionando os materiais reciclables e enviando a materia orgánica para a produción de biometano e fabricando compost da fracción dixestada procedente do proceso de biometanización, sendo imprescindible garantir sempre o seu tratamento separadamente da materia orgánica procedente da fracción resto.
- Envases lixeiros: trataranse na liña de tratamento compartida de envases lixeiros, fracción resto e fracción orgánica, clasificando e seleccionando os materiais reciclables.
- Fracción verde: tritúrase e engádese a tratamento aerobio como estruturante ao dixesto procedente da fracción orgánica recollida selectivamente.
- Outros residuos de orixe doméstica (procedentes dos puntos limpos ou outros sistemas específicos de recollida): seleccionaranse e clasificarán adecuadamente para a súa expedición a xestor autorizado.

5.5.2 Puntos limpos

Na actualidade, a situación dos puntos limpos é axeitada e compren a súa función correctamente, sen embargo, é necesario realizar algunhas modificacións nos mesmos para que se adapten tanto á lexislación vixente como ás necesidades deste plan.

En primeiro lugar é necesario realizar labores de acondicionamento dos recintos, tanto nas súas edificacións coma nos peches perimetrais, garantindo o bo estado dos materiais depositados no seu interior.

Pero ademais, tamén é necesario modificar a orixe dos residuos recibidos tanto na súa operativa diaria coma na correspondente ordenanza. Así, os puntos limpos só poden recibir residuos de competencia municipal, por tanto debe evitarse o depósito de residuos de orixe industrial.

En cumprimento do artigo 64 da lei 7/2022, para aumentar o control dos residuos depositados e garantir a axeitada rastrexabilidade dos mesmos, debe informatizarse toda a xestión realizada nos puntos limpos.

Sen embargo, os dous puntos limpos existentes non son suficientes para o territorio municipal, non tanto pola súa capacidade como pola súa localización, o que se amosa pola boa recepción dos minipuntos limpos que os cidadáns veñen amosando dende a súa posta en marcha noutras áreas da cidade. Así, en primeiro lugar, ampliarase a rede de minipuntos limpos existente a outros puntos do termo municipal.

Ademais, prevese a instalación durante o primeiro ano de vixencia do plan de puntos limpos de proximidade para o depósito de diversas tipoloxías de residuos especiais en lugares concorridos e/ou edificios municipais: mercados municipais, centros cívicos, centros deportivos....

Finalmente, están previstas actuacións destinadas a unha maior visibilidade e colaboración cidadá na utilización do punto limpo móbil: ampliación do horario a parte da tarde ou colocación do mesmo en centros educativos, centros cívicos ou entidades deportivas, incluso con actividades de concienciación paralelas.

5.5.3 Centros de autorreparación e preparación para a reutilización

Reparar ou restaurar obxectos que sufriron unha avaría ou algún tipo de deterioro, permite que sigan a cumprir a súa función, ademais de alongar a súa vida e evita xerar residuos innecesarios. Con este fin, faise necesario pór en marcha no Concello da Coruña centros de autorreparación e preparación para a reutilización.

As actividades de autorreparación e preparación para a reutilización poden levarse a cabo no mesmo recinto. Este recinto pode atoparse dentro das instalacións dos puntos limpos, sen embargo, require

de un espazo diferenciado e unha superficie útil mínima da que os puntos limpos da cidade actualmente non dispoñen.

Por tanto, a súa localización debe ser externa aos puntos limpos. Se o centro se sitúa anexo ao punto limpo, sería posible optimizar a loxística do transporte de obxectos ambos espazos ou incluso compartir oficinas, báscula ou persoal. En caso contrario, trataríase de recintos completamente independentes.

O centro de autorreparación e preparación para a reutilización pode contar con diferentes espazos no seu interior:

- Os espazos de autorreparación son áreas equipadas con ferramentas para limpar, reparar ou restaurar os obxectos máis habituais. Deste xeito, os usuarios poden facer uso libremente das mesmas para o que necesiten.

No mesmo punto, os usuarios poden recibir un asesoramento para os traballos ou talleres formativos sobre técnicas para reparar electrodomésticos, bicicletas, mobles, roupa, etc.

Estes espazos poden ser utilizados tamén polos traballadores do espazo de preparación para a reutilización para que poidan levar a cabo as súas operacións.

- Nos espazos de preparación para a reutilización, prodúcese a recepción dun residuo, ben porque é recollido nun punto limpo, ben porque se habilita a entrega por parte de particulares de determinados materiais ou porque algún convenio con entidades sociais o permite.

Nestes espazos este obxecto é preparado, reparado, clasificado por persoal cualificado e posto a disposición dos receptores. Os receptores destes materiais poden estar limitados (usuarios de servizos sociais, entidades sociais, etc.) ou abertos á poboación xeral.

Débese contar así mesmo con almacéns para os residuos e para os materiais unha vez valorizados.

RESIDUOS SUSCEPTIBLES DE INTERCAMBIO OU PREPARACIÓN PARA A REUTILIZACIÓN

▪ Bixutería, xoias, reloxs e similares. ▪ CD, DVD, vinilos e similares. ▪ Aparellos eléctricos e electrónicos: comunicación, pequenos electrodomésticos, imaxe e son, xoguetes electrónicos. ▪ Xoguetes e xogos. ▪ Libros.	▪ Têxtil. ▪ Material para bebés. ▪ Material deportivo. ▪ Mobles. ▪ Enxoval de fogar e decoración. ▪ Outros: grelladas, ferramentas, etc.
--	---

A maiores, pode definirse un espazo de intercambio onde ten lugar a transferencia de mercancía de un usuario a outro a cambio de outra mercancía. El intercambio pode ser directo ou ben un usuario colle un obxecto do espazo de intercambio a cambio de deixar outro.

5.5.4 Composteiros comunitarios

Un dos principais obxectivos deste plan é o aumento da recollida separada dos biorresiduos, ben sexa mediante a súa recollida separada, ben mediante a súa compostaxe. O Concello da Coruña dispón nestes momentos de catro composteiros comunitarios en Novo Mesoiro, Castrillón, Eirís e Monte Alto.

Durante a duración do plan, prevese a ampliación da rede de compostaxe comunitario coa incorporación de instalacións en barrios como Os Rosais, Palavea, Visma, Xuxán, Feáns ou A Zapateira.

6 CUSTES DE EXECUCIÓN DO PLAN

O desenvolvemento do Programa municipal de xestión de residuos 2025-2030 terá unha investimento aproximada equivalente a 126 € por habitante e ano.

A distribución da inversión por liñas estratéxicas é a seguinte:

LIÑAS ESTRATÉXICAS	2025	2026	2027	2028	2029	2030	TOTAL
LE1	150.000 €	170.000 €	200.000 €	220.000 €	240.000 €	260.000 €	1.240.000 €
LE2	13.200.000 €	14.375.000 €	14.815.000 €	15.255.000 €	15.700.000 €	16.145.000 €	89.490.000 €
LE3	3.400.000 €	9.000.000 €	3.100.000 €	3.255.000 €	3.420.000 €	3.590.000 €	25.765.000 €
LE4	80.000 €	300.000 €	250.000 €	250.000 €	250.000 €	250.000 €	1.380.000 €
LE5	9.500.000 €	10.800.000 €	10.800.000 €	12.600.000 €	12.600.000 €	12.600.000 €	68.900.000 €
TOTAL	26.330.000 €	34.645.000 €	29.165.000 €	31.580.000 €	32.210.000 €	32.845.000 €	186.775.000 €

Este orzamento será aportado por fondos municipais, comunitarios e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor.

Esta previsión será revisable anualmente, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e á posibilidade de concesión de fondos.

7 SEGUIMIENTO E MONITORIZACIÓN DO PLAN

Para o seguimento da planificación proposta para a prevención e xestión dos residuos no termo municipal da Coruña, establécense unha serie de ferramentas:

- ☒ Informes anuais de resultados. Nestes informes, recolleranse os datos de xeración e xestión de residuos, así como o grao de cumprimento dos obxectivos e metas propostas. Ademais, incorporarán os logros ou dificultades observadas, as revisións e propostas de mellora necesarias para acadar os obxectivos propostos no plan.
- ☒ Informe intermedio de revisión do plan, cos resultados de 2027. Permitirá avaliar os logros que se fosen acadando tras da posta en marcha do plan, o cumprimento dos obxectivos intermedios establecidos e, en caso contrario, alertar da necesidade de revisar ou modificar as actuacións, incorporando propostas de mellora.
- ☒ Informe final de revisión do plan. A finalidade deste informe é analizar o cumprimento dos obxectivos e metas do plan, previo á finalización do marco temporal do presente plan. Incorporará os resultados obtidos e as lagoas observadas de forma que sirva de conclusión para a formulación dos novos obxectivos e metas que procedan.
- ☒ Indicadores. Para determinar o nivel de cumprimento dos obxectivos e avaliar os resultados da xestión e da aplicación das medidas do plan indicadores, propónse un sistema de indicadores, que se recolle a continuación. Estes indicadores, ademais de permitir identificar a produción e a xestión de residuos, tamén permitirán avaliar o cumprimento dos obxectivos estratéxicos, normativos e xerais establecidos, fin último da realización do seguimento proposto.

Se no proceso de avaliación se advertisen novas disposicións normativas, obrigas ou oportunidades que puideran alterar ou modificar parcialmente o modelo de xestión que se define no plan, determinarase a necesidade de incorporar os mecanismos e medios para revisar os aspectos que correspondan. Exemplos disto poderían ser a posta en marcha dun SDDR (sistema de depósito devolución e retorno), a adhesión a convenios de colaboración con novos SRAP e a implantación de recollidas separadas non contempladas ata o momento.

Todos estes informes faranse públicos a través da web municipal ou outros medios que permitan a difusión dos seus resultados.

O compromiso da poboación cos obxectivos establecidos no plan é absolutamente imprescindible para a súa consecución, polo que é fundamental contar coa percepción e propostas da cidadanía. Con este fin, contarase con diferentes formas de recoller esta información e traballar conxuntamente na identificación de novas solucións.

Así, para levar a cabo as tarefas de seguimento do plan propónse a creación de dous comités:

- Comité de seguimento interno, coa participación de persoal das diferentes áreas do Concello que se ven afectadas ou participan da xestión de residuos. O seu obxectivo é poñer en marcha as accións definidas neste plan, revisar a súa evolución, revisar o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos e axustar as actuacións do plan de ser necesario.
- Comité de seguimento cidadá, coa participación das asociacións veciñais, co obxecto de achegar á poboación a xestión dos residuos realizada, informar das novas actuacións levadas a cabo, planificar as accións de comunicación necesarias ou recibir información sobre a percepción do cidadán das medidas postas en marcha ou a proposta de accións de mellora.

Ademais, para mellorar a participación cidadá está prevista a realización periódica de enquisas e entrevistas ao cidadán co obxectivo de valorar o seu grado de coñecemento dos programas propostos polo Concello da Coruña para acadar os obxectivos establecidos no plan, así como das actuacións en materia de xestión de residuos levadas a cabo. Ademais, servirán para recibir propostas ou aportacións que contribúan a mellorar a xestión de residuos municipal.

Para a realización do seguimento das medias a implantar e da consecución dos obxectivos propostos, defínense unha serie de indicadores, que se amosan a continuación.

Nº indicador	1	Nome do indicador	Xeración per cápita de residuos municipais
Liña estratéxica	LE1. Reducir a xeración de residuos municipais no termo municipal de A Coruña		
Obxectivos relacionados	Redución dun 10% da xeración per cápita de residuos municipais para o ano 2030, respecto do ano 2018; cun obxectivo intermedio para 2027, dun 6% de redución respecto do mesmo ano.		
Método de cálculo	kg RM / habitantes		
Valor de referencia	Dato 2018: 426,43 kg/hab		
Valor obxectivo	Obx 2027: 400,85 kg/hab Obx 2030: 383,79 kg/hab		



Nº indicador	2	Nome do indicador	Xeración per cápita de residuos de envases
Liña estratéxica	LE1. Reducir a xeración de residuos municipais no termo municipal de A Coruña		
Obxectivos relacionados	Redución dun 10% da xeración per cápita dos residuos de envases con respecto aos residuos de envases xerados per cápita en 2018; cun obxectivo intermedio para 2027 dun 8% respecto do mesmo ano.		
Método de cálculo	kg residuos de envases xerados/habitantes		
Valor de referencia	Dato 2018: 128,9 kg/hab		
Valor obxectivo	Obx 2027: 118,6 kg/hab Obx 2030: 116,0 kg/hab		

Nº indicador	3	Nome do indicador	% recollida separada de residuos municipais
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar un 60% dos residuos municipais recollidos separadamente para 2030, cun obxectivo intermedio do 50% para 2027.		
Método de cálculo	$\frac{\text{(cantidade RM recollidas separadas + biorresiduos compostados)}}{\text{cantidade RM xestionada total}}$		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2027: 50% Obx 2030: 60%		

Nº indicador	4	Nome do indicador	% recollida separada de biorresiduos
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar o 60% dos biorresiduos recollidos separadamente para 2030.		
Método de cálculo	$\frac{\text{(cantidade biorresiduos recollidos separados + biorresiduos compostados)}}{\text{cantidade biorresiduos xestionada total}}$		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 60%		



Nº indicador	5	Nome do indicador	% recollida separada de papel e cartón
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar a recollida separada do 70% do papel e cartón xerados para 2030.		
Método de cálculo	cantidade papel e cartón recollido separadamente/cantidade papel e cartón xestionada total		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 70%		

Nº indicador	6	Nome do indicador	% recollida separada de envases lixeiros
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar a recollida separada do 45% dos envases lixeiros xerados para 2030.		
Método de cálculo	cantidade envases lixeiros recollidos separadamente/cantidade envases lixeiros xestionada total		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 45%		

Nº indicador	7	Nome do indicador	% recollida separada de envases de vidro
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar a recollida separada do 70% dos envases de vidro xerados para 2030.		
Método de cálculo	cantidade envases de vidro recollidos separadamente/cantidade envases de vidro xestionada total		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 70%		



Nº indicador	8	Nome do indicador	% recollida separada de residuos téxtiles
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar a recollida separada do 40% dos residuos téxtiles xerados para 2030.		
Método de cálculo	cantidade residuos téxtiles recollidos separadamente/cantidade residuos téxtiles xestionada total		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 40%		

Nº indicador	9	Nome do indicador	% preparación para a reutilización
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar en 2030 un 10% da preparación para a reutilización do total de residuos municipais xestionados, cun obxectivo intermedio do 5% para 2027.		
Método de cálculo	Cantidade RM preparados para reutilización / cantidade RM xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2027: 5% Obx 2030: 10%		

Nº indicador	10	Nome do indicador	Centros de PxR e autorreparación
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Posta en marcha dun centro municipal de preparación para a reutilización e a autorreparación.		
Método de cálculo	-		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 1		



Nº indicador	11	Nome do indicador	Reciclado de residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Acadar un 60% da reciclaxe de residuos de envases para 2030, cun obxectivo intermedio do 55% para 2027.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases efectivamente reciclados/residuos de envases xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2027: 55% Obx 2030: 60%		

Nº indicador	12	Nome do indicador	Reciclado do plástico dos residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Reciclado do 70% do plástico contido nos residuos de envases para 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases de plástico efectivamente reciclados/residuos de envases de plástico xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 70%		

Nº indicador	13	Nome do indicador	Reciclado da madeira dos residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Reciclado do 20% da madeira contida nos residuos de envases para 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases de madeira efectivamente reciclados/residuos de envases de madeira xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 20%		



Nº indicador	14	Nome do indicador	Reciclado dos metais ferrosos dos residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Reciclado do 80% dos metais ferrosos contidos nos residuos de envases para 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases de metais ferrosos efectivamente reciclados/residuos de envases de metais ferrosos xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 80%		

Nº indicador	15	Nome do indicador	Reciclado do aluminio dos residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Reciclado do 50% do aluminio contido nos residuos de envases para 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases de aluminio efectivamente reciclados/residuos de envases de aluminio xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 50%		

Nº indicador	16	Nome do indicador	Reciclado do vidro dos residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Reciclado do 70% do vidro contido nos residuos de envases para 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases de vidro efectivamente reciclados/residuos de envases de vidro xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 70%		



Nº indicador	17	Nome do indicador	Reciclado do papel-cartón dos residuos de envases
Liña estratéxica	LE2. Atender ao cumprimento dos obxectivos normativos coa potenciación das recollidas separadas e a posta en marcha de accións de preparación para a reutilización.		
Obxectivos relacionados	Reciclado do 70% do papel-cartón contido nos residuos de envases para 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos de envases de papel-cartón efectivamente reciclados/residuos de envases de papel-cartón xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2030: 70%		

Nº indicador	18	Nome do indicador	Calidade da fracción orgánica recollida separadamente
Liña estratéxica	LE3. Mellora da calidade das recollidas separadas.		
Obxectivos relacionados	Redución da porcentaxe de impropios da fracción orgánica recollida separadamente debaixo do 15% en 2027, ata acadar un 10% de impropios en 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos impropios presentes na fracción orgánica / cantidade de fracción orgánica analizada		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2027: <15% Obx 2030: 10%		

Nº indicador	19	Nome do indicador	Calidade da recollida dos envases lixeiros
Liña estratéxica	LE3. Mellora da calidade das recollidas separadas.		
Obxectivos relacionados	Manter a porcentaxe de impropios da recollida de envases lixeiros por debaixo do 25% en 2027 e por debaixo do 20% de impropios en 2030.		
Método de cálculo	Cantidade de residuos impropios presentes nos envases lixeiros / cantidade de envases lixeiros analizados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx 2027: <25% Obx 2030: <20%		



Nº indicador	20	Nome do indicador	Información custes de recollida
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Fomentar o coñecemento dos custes de recollida e tratamento dos residuos.		
Método de cálculo	Nº de informes anuais publicados, incluíndo as cifras completas de residuos xestionados e os custes económicos relacionados.		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	1 informe anual		

Nº indicador	21	Nome do indicador	Modificación ordenanza fiscal
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Modificación ou axuste da ordenanza fiscal á norma, adaptando as taxas á cantidade real de residuos xerados ou incentivando a segregación en orixe e a redución de residuos.		
Método de cálculo	Nº de modificacións aprobadas.		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	≥1		

Nº indicador	22	Nome do indicador	Redacción ordenanza reguladora
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Redacción dunha nova ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria adaptada á normativa actual, incluíndo os cambios necesarios detectados neste plan.		
Método de cálculo	Nº de aprobacións/modificacións aprobadas.		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	≥1		

Nº indicador	23	Nome do indicador	Eliminación de fluxos industriais
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Pór en marcha medidas destinadas á eliminación dos fluxos de residuos industriais da xestión realizada polo Concello da Coruña.		
Método de cálculo	Nº de medidas postas en marcha		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	≥1		



Nº indicador	24	Nome do indicador	Segregación da fracción orgánica de orixe comercial
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Segregación dos fluxos comerciais dos residuos domésticos.		
Método de cálculo	Nº de novos establecementos participantes da recollida separada de fracción orgánica de orixe comercial en cada anualidade.		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	2025: 30 establecementos 2026-2030: 20 establecementos		

Nº indicador	25	Nome do indicador	Segregación do papel e cartón de orixe comercial
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Segregación dos fluxos comerciais dos residuos domésticos.		
Método de cálculo	Nº de novos establecementos participantes da recollida separada de papel e cartón de orixe comercial en cada anualidade.		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	2025: 30 establecementos 2026-2030: 20 establecementos		

Nº indicador	26	Nome do indicador	Segregación dos envases de vidro de orixe comercial
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Segregación dos fluxos comerciais dos residuos domésticos.		
Método de cálculo	Nº de novos establecementos participantes da recollida separada de envases de vidro de orixe comercial en cada anualidade		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	2025: 30 establecementos 2026-2030: 20 establecementos		



Nº indicador	27	Nome do indicador	Segregación dos envases lixeiros de orixe comercial
Liña estratéxica	LE4. Coñecemento, transparencia da xestión e corresponsabilidade do produtor.		
Obxectivos relacionados	Segregación dos fluxos comerciais dos residuos domésticos.		
Método de cálculo	Nº de novos establecementos participantes da recollida separada de envases lixeiros de orixe comercial en cada anualidade		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	2025: 30 establecementos 2026-2030: 20 establecementos		

Nº indicador	28	Nome do indicador	Vertido de residuos municipais
Liña estratéxica	LE5. Minimización dos residuos xestionados mediante vertido.		
Obxectivos relacionados	Diminuír o vertido dos residuos municipais ata un máximo do 20% antes do 1 de xaneiro de 2030.		
Método de cálculo	Cantidade residuos xestionados mediante depósito en vertedoiro/cantidade total de residuos xestionados		
Valor de referencia	-		
Valor obxectivo	Obx. 2030: 20%		



Equipo redactor: **novotec**